

**PROGRAMACIÓN**  
**DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**



**IES LAXEIRO**  
**CURSO 2020-21**

**M<sup>a</sup> ASCENSIÓN RODRIGUEZ CASANOVA**  
**MANUEL IGREXAS RODRÍGUEZ - XEFE DEPARTAMENTO**

## ÍNDICE:

PROGRAMACIÓN VALORES ÉTICOS .....	3
PROGRAMACIÓN FILOSOFÍA 1º BACHARELATO .....	52
PROGRAMACIÓN FILOSOFÍA 4º ESO .....	92
PROGRAMACIÓN PSICOLOGÍA 2º BACHARELATO .....	126
PROGRAMACIÓN HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACHARELATO .....	157

# **PROGRAMACIÓN VALORES ÉTICOS**

- 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
- 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- 3. OBXECTIVOS**
- 4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (TEMPORALIZACIÓN-MÍNIMOS-INSTRUMENTOS)**
- 5. METODOLOXÍA**
- 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (AVALIACIÓN-AVALIACIÓN INICIAL -PROMOCIÓN)**
- 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE**
- 9. ACTIVIDADES DE SGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**
- 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- 12. ESTRATEXIAS PARA A LECTURA E CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**

## 1. INTRODUCCIÓN

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do

estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

## **2. OBXECTIVOS**

### **2.1 OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

A ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **2.2 COMPETENCIAS CLAVE**

A ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos as seguintes competencias clave:

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

## **2.3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

1. Formarse unha imaxe axustada de si mesmo, das súas características e posibilidades en relación co seu ámbito familiar, social e cultural e académico, por medio do desenvolvemento de actividades que favorezan o autoconhecimento respecto das súas capacidades, os seus intereses e motivacións.

2. Recoñecer a pluralidade de sociedades e culturas, entendendo e avaliando formas de diversidade e o seu papel respecto do enriquecemento da convivencia.

3. Manifiestar, nos ámbitos de relación e traballo en que se desenvolven, comportamentos que reflectan o recoñecemento e a aceptación do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
4. Defender activamente a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e discriminación.
5. Analizar a diversidade de factores que xeran situacións de pobreza e subdesenvolvemento, desigualdade e violación dos dereitos humanos.
6. Valorar os dereitos e obrigas que se derivan da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
7. Progresar, grazas á busca e tratamento de información relacionada coa materia, en especial daqueles trazos que caracterizan o patrimonio común democrático e institucional de todos os galegos e españois, na adquisición de destrezas relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación co fin de mellorar no desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
8. Transmitir a información obtida de forma clara e precisa, mostrando o coñecemento da linguaxe propia da materia, mantendo sempre actitudes de tolerancia e respecto cara ás opinións dos demais.
9. Participar en actividades de grupo (diálogos, coloquios, debates, etc.) mantendo sempre unha actitude construtiva, crítica e respectuosa cara aos demais.

### **3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMOS E INSTRUMENTOS).**

#### **1º ESO**



1º TRIMESTRE: BLOQUE : A DIGNIDADE DA PERSOA						
TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCBB	INTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO. MÍNIMOS ( O nivel 3 correspóndense cos mínimos esixibles)			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<b>Exame escrito</b>	Non é capaz de comprender o seu significado	Presenta bastantes dificultades	Presenta algunha dificultade	Non presenta dificultades
<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<b>Exame escrito</b>	.Non é capaz de describir o concepto de persoa	Ten moitas dificultades para describir con claridade e coherencia o concepto de persoa	Non describe con total claridade e coherencia o concepto de persoa	Describe de forma clara e coherente o concepto de persoa
<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral".</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<b>Exame escrito</b>	Non explica o concepto de dignidade nin o relaciona coa moral	Explica de xeito moi confuso o concepto de dignidade humana e non o relaciona coa moralidade	Non explica de forma totalmente axeitada o concepto de dignidade humana e a penas o relaciona co feito moral	Explica axeitadamente o concepto de dignidade e valora a súa importancia para a moralidade
<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida.</li> <li>VEB1.2.2. Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>	<b>Xornal dixital</b>	O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Ten algunhas nocións confusas sobre a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas.	Identifica e comprende as características da adolescencia pero non distingue entre autonomía persoal e autonomía moral.	Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas e argumenta con lóxica acerca da importancia que ten para o adolescente desenvolver a autonomía persoal e moral.
<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB1.3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Identifica algúns dos factores que inflúen na personalidade pero non é capaz de describila.	Comprende o concepto de personalidade e os factores que inflúen nela.	Recoñece que é a personalidade, os seus niveis e que inflúe nela. Recoñece, ademais, que é capaz de

						cambiar aquelas cousas que non lle gustan de si mesmo.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.4.1. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Albisca a importancia que ten o uso da razón e a liberdade na configuración da propia personalidade . Manexa os conceptos de maneira confusa e sen saber xustificar a devandita importancia.	Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade.	Identifica e valora argumentadamente os valores e hábitos que hai que escoller e entrenar para desenvolver un comportamento ético que, ademais, favorece as relacións persoais
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.4.2. Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Ten nocións confusas das características da intelixencia emocional.	Define adecuadamente o concepto de intelixencia emocional.	Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral, valorando o papel que xoga a intelixencia emocional no desenvolvemento moral do ser humano.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral.</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.5.3. Atopa, disertando en grupo, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre outras</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.6.1. Comprende en que consisten as habilidades emocionais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>		<b>NON ESIXIBLE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>		<b>NON ESIXIBLE</b>			

respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>					<b>NON ESIXIBLE</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de si mesmo/a unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesmo/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>					<b>NON ESIXIBLE</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.7.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>					<b>NON ESIXIBLE</b>
<b>BLOQUE 2: A COMPRESIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS</b>						
<b>TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE</b>						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCBB	INTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Coñece a definición do ser humano como animal social pero non comprende a súas implicacións.	Explica por que o ser humano é social por natureza e coñece as implicación persoais e morais deste feito.	Explica de maneira argumentada por que o ser humano é un ser social e recoñece por que a súa vida debe estar rexida por uns valores éticos comúns; e tamén a relación entre individuo e sociedade.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.3. Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>					

soportes informáticos, unha presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que vive.</li> <li>▪ VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.</li> <li>▪ VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Coñece o proceso de socialización pero non é capaz de describilo.	Describe o proceso de socialización moral e valora a súa importancia.	Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que vive. Ademais xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional como medio para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, e os valores, do seu medio.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Define de maneira confusa os ámbitos da vida privada e a pública.	Define con claridade os ámbitos da vida privada e a pública.	Distingue os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos casos
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.4.1. Comprende a importancia que para Goleman ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, e elabora un resumo esquemático sobre o tema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Valora a intelixencia emocional pero non explica a relación entre as habilidades propias desta e a vida social.	Explica a importancia das habilidades propias da intelixencia emocional en relación coa vida interpersoal.	Explica e valora a importancia que ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de xestionar as relacións interpersoais, relacionando con lóxica valores éticos e

						inteligencia emocional.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>		O alumno non acada o nivel descritos polos indicadores	A penas diferenza as características do comportamento asertivo e non establece relacións con outros comportamentos. Non sempre se mostra respectuoso cos outros	Explica o comportamento asertivo, pero non establece relacións axeitadas entre o a conduta asertiva e outro tipo de condutas. Adopta o respecto como valor fundamental nas relacións interpersoais	Explica e sabe diferenciar o comportamento asertivo e valora o respecto como valor fundamental nas relacións interpersoais
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.5.2. Avisa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humano teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e nomeadamente a ser valorado de forma especial polo simple feito de ser persoa, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>		O alumno carece de empatía e non mostra respecto algún cara os outros	O alumno case nunca se mostra respectuoso nin a penas ten empatía cos outros	O alumno e case sempre respectuoso e mostra case sempre empatía cara os outros	O alumno é respectuoso e mostra empatía cos outros
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación coas demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>					

realización de diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilizalas no momento adecuado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>		<b>NON ESIXIBLE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.6.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.</li> <li>▪ VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc.</li> <li>▪ VEB2.6.3. Destaca o deber moral e cívico que todas as persoas teñen de prestar auxilio e socorro a outras cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de xeito inminente, colaborando na medida das súas posibilidades a prestar primeiros auxilios, en casos de emerxencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Valora a importancia das virtudes ética pero non explica satisfactoriamente como inflúen nas relacións interpersoais.	Relaciona o desenvolvemento das virtudes éticas coas boas relacións cos demais.	Explica como o desenvolvemento das virtudes éticas é unha condición necesaria para lograr unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e
<b>BLOQUE 3: A RFLXIÓN ÉTICA</b>						
<b>TEMPORALIZACIÓN. 2º TRIMESTRE</b>						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCBB	INSTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 4	NIVEL 5
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral.</li> <li>▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Manexa as nocións de ética e moral pero non as distingue con claridade.	Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral.	Explica as diferenzas entre ética e moral e xustifica razoadamente a importancia da reflexión ética.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a	Ten coñecemento dos principais conceptos pero o uso que fai deles é confuso.	Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento	Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento

súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.			continuación.		indeterminado e racional do ser humano.	racional e libre do ser humano como fundamento da súa dimensión moral.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e o concepto de persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>		Non establece relacións entre o concepto de persoa e o de liberdade	Presenta dificultades para establecer relacións entre o concepto de liberdade e o de persoa	Describe de forma axeitada a relación entre liberdade e o concepto de persoa.	Describe de forma axeitada a relación entre liberdade e o concepto de persoa e relaciónaa coa intelixencia como instrumento ao servizo da elección moral
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que temos decidido facer.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>		Non recoñece a importancia da razón na elección moral	Ten dificultades para recoñecer a importancia da razón na elección moral	Recoñece a importancia da razón na elección moral	Recoñece e valora a importancia da razón na elección moral
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>		<b>Non esixible</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.4.1. Explica o que son os valores e as súas principais características, e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas.</li> <li>▪ VEB3.4.2. Procura e selecciona información sobre a existencia de clases de valores: relixiosos, afectivos, intelectuais, vitais, etc.</li> <li>▪ VEB3.4.3. Realiza, en traballo en grupo, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición usando medios informáticos ou audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Identifica distintos tipos de valores pero non é capaz de explicalos nin de distinguilos con claridade.	Explica o que son os valores e as súas principais características, distinguindo diversas clases deles.	Explica e que son os valores e as súas características, distingue as súas diversas clases e xerarquizaos racionalmente, valorando a súa importancia na vida persoal e social.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.5.1. Explica a diferenza entre os valores éticos e o resto dos valores, e valora a importancia para a persoa dos valores éticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>		Non recoñece a diferenza entre os valores éticos e outro tipo de valores nin lle dá importancia para a vida das persoas	Ten dificultades para explicar axeitadamente a diferenza entre valores éticos e outro tipo de valores	Explica axeitadamente as diferenzas entre os valores éticos e outro tipo de valores	Explica axeitadamente as diferenzas entre os valores éticos e outro tipo de valores e recoñece a súa importancia
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.6.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Albisca a importancia dos valores e das normas éticas pero a súa xustificación non é clara.	Coiñece a importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social.	Ten conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.6.2. Emprende, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.</li> </ul>						

#### BLOQUE 4: OS VALORES ÉTICOS, O DEREITO A DUDH E OUTROS TRATADOS INTERNACIONAIS SOBRE DEREITOS HUMANOS

##### TEMPORALIZACIÓN: 3º TRIMESTRE

ESTÁNDARES	CC	INSTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.1.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como persoa, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>		Non relaciona o concepto de dignidade co de dereitos humanos	Presenta dificultades a hora de relacionar a dignidade cos dereitos humanos	Relaciona de forma axeitada a dignidade cos dereitos humanos	Relaciona de forma axeitada a dignidade cos dereitos humanos e valora a importancia desta relación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.1. Dá razóns sobre a orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>		O traballo do alumno non alcanza o nivel descrito por ningún dos indicadores que figuran a continuación.	Identifica algúns dos problemas que actualmente impiden o exercicio dos dereitos humanos por parte das mulleres e dos nenos.	Coiñece e describe adecuadamente os problemas do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo.	Explica razoadamente a orixe histórica da discriminación e desigualdade da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como soldados/as, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>					fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero. Tamén coñece as causas das situacións de violencia, abusos e maltratos ás que se vén sometidos moitos nenos no mundo. É consciente da necesidade de defender os dereitos das mulleres e dos nenos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.2.3. Emrende, en colaboración en grupo, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu medio familiar, escolar e social, e avalía os resultados obtidos.</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB4.3.1. Indaga, en traballo en colaboración, sobre o traballo de institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos (Amnistía Internacional, e ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros), e elabora e expresa as súas conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>		<b>Non esixible</b>			

## 2º ESO

BLOQUE 1: A DIGNIDADE DA PERSOA						
TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCBB	INTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO. MÍNIMOS ( O nivel 3 correspóndense cos mínimos esixibles)			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	-Caderno	Non constrúe un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre	Constrúe de forma escasa un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre	Constrúe de forma suficiente un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre	Constrúe plenamente un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.</li> <li>▪ VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Exame</li> <li>-Caderno</li> <li>-Debate</li> </ul>	<p>Non identifica os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral</p>	<p>A penas identifica os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral</p>	<p>Identifica suficientemente os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral</p>	<p>Identifica plenamente os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.</li> <li>▪ VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Exame</li> <li>-Caderno</li> </ul>	<p>Non entende a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade</p>	<p>Entende de forma escasa a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade</p>	<p>Entende suficientemente a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade</p>	<p>Entende plenamente a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.</p>

**BLOQUE 2: A COMPRESIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS**

**TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE**

ESTÁNDARES	CC	INSTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.</li> <li>▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	<p>-TIC</p> <p>-Debate</p>	<p>Non distingue, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social</p>	<p>Distingue de forma escasa, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social</p>	<p>Distingue de forma suficiente, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social</p>	<p>Distingue plenamente, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.</p>
--	--	----------------------------	--	--	--	--

**BLOQUE 3: A REFLEXIÓN ÉTICA**  
**TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCBB	INTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.</li> <li>▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifican a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<p>-Exame</p> <p>-Caderno</p>	<p>Non distingue entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización</p>	<p>Distingue de forma escasa entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización</p>	<p>Distingue de forma suficiente entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización</p>	<p>Distingue plenamente entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSAC</li> </ul>	<p>-Exame</p> <p>-Caderno</p>	<p>Non destaca o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando</p>	<p>Destaca de forma escasa o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento</p>	<p>Destaca de xeito suficiente o significado e a importancia da natureza moral do ser</p>	<p>Destaca plenamente o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de</p>

			conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento	e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento	humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento	desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>					
<p>VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).</p>	<p>CAA CSC</p>	<p>-Debate</p>	<p>Non reflexiona acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</p>	<p>A penas reflexiona acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</p>	<p>Reflexiona suficientemente acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</p>	<p>Reflexiona plenamente acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</p>

VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).						
<b>BLOQUE 5: OS VALORES ÉTICOS, O DEREITO E A DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS</b> <b>TEMPORALIZACIÓN: 3º TRIMESTRE</b>						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCBB	INSTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO ( O nivel 3 correspóndense cos mínimos esixibles)			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 4	NIVEL 5
VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.	CCL	-EXAME TEÓRICO -Caderno -Debate	Non aprecia a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.	Aprecia de forma escasa a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.	Apreciar de forma suficiente a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.	Aprecia e valora a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.

VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.	CCL CSIEE					
VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).	CAA CD CCL	-Debate -TIC	Diserta sen mostrar coñecemento acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela	Disertar sen a penas recoñecer a teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela	Diserta expresando os trazos máis importantes acerca da de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela	Diserta entendendo a teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela
VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.						
VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.	CSC	-Caderno -Exame teórico -TIC	Non valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos	Valora de forma escasa a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos	Valora de forma suficiente a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos	Valora plenamente a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos

VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	CCEC					
VEB5.3.3. Empréndese a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.						
VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).	CCL	-Caderno -TIC -Debate	Non entende a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.	Entende de forma escasa a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos	Entende suficientemente a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos	Entende plenamente a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos



VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.	CSC CD CSC			últimos tempos.	tempos.	últimos tempos.
VEB5.4.3. Empréndese a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).						
VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).	CSC	-Caderno -Debate	Non coñece a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.	Coñece de forma escasa a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.	Coñece suficientemente a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.	Coñece plenamente a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.
VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.						
VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.						

**BLOQUE 6: OS VALORES ÉTICOS E A SÚA RELACIÓN COA CIENCIA E A TECNOLOXÍA**

**TEMPORALIZACIÓN: 3º TRIMESTRE**

ESTÁNDARES	CC	INSTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO ( O nivel correspóndens)e cos mínimos esixibles			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.	CAA CMCCT CSC CSIEE	-Caderno -TIC	Non identifica criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade	Identificar de forma escasa criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade	Identifica de forma suficiente criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade	Identifica plenamente criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade
VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	CMCCT CSC CSIEE	-Caderno -TIC	Non estima a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.	Estima de xeito escaso a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.	Estima de forma suficiente a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.	Estima plenamente a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.

## 5. METODOLOXÍA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Éticos:

Os alumnos e as alumnas deberán desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso se fará fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos, para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencias e respectando sempre o desenvolvemento dos diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como o ensino recíproco e a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Este abano de accións docentes permitiralle ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- O libro do alumnado para a área de Valores Éticos de 4.º ESO.
- A proposta didáctica para Valores Éticos de 4.º ESO.
- Os cadernos de estratexias metodolóxicas.

- As monografías didácticas.
- A web do profesorado.
- A web do alumnado e da familia.

## 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (AVALIACIÓN AVALIACIÓN INICIAL-PROMOCIÓN)

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

### 1. INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN

Os instrumentos ou sistemas de avaliación que se van empregar para avaliar ao alumnado son:

- Actividades de composición, como redaccións, disertacións, debates, comentario de texto, etc.
- Actividades de libro aberto.
- Actividades orais.
- Traballos complementarios.
- Probas obxectivas escritas (exame): cuestións nas que hai que xustificar as respostas e resolución de exercicios e problemas.

Nestes instrumentos de avaliación estarán presentes os seguintes tipos de actividades:

- **Actividades conceptuais.** Nelas os alumnos e alumnas irán substituíndo de forma progresiva as súas ideas previas polas desenvolvidas na clase. Deben ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.
- **Actividades de comentario de texto.** Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese e ideas secundarias. Para iso, ten que poder expoñer os argumentos ou estruturas de razoamento do texto.
- **Actividades de síntese.** Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razoar a partir deles.

- **Actividades de razoamento e argumentación.** Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

## 2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- 1) Realizaranse catro avaliacións ao longo do curso, ademais do seguimento individualizado de cada sesión. En primeiro lugar a avaliación inicial, máis tres avaliacións correspondentes aos tres trimestres nos que se divide o curso.
- 2) Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco
- 3) Cando a nota sexa decimal redondearase ao número enteiro máis próximo (cara arriba ou cara abaixo); cando o decimal sexa 5, redondearase á alza.
- 4) **A avaliación inicial** consistirá nun texto que trate un tema de actualidade relacionado cos valores éticos: xustiza, ben, solidariedade, respecto etc...(pode ser un artigo, unha noticia, unha imaxe, etc...) sobre o que o alumno terá que realizar unha actividade de comprensión e opinión persoal. A proba terá a cualificación de **satisfactoria** ou **necesita mellorar** e terá un valor orientativo para enfocar a aprendizaxe dos contidos secuenciados nos sucesivos trimestres e as medidas de reforzo e procedementos de aprendizaxe máis axeitados.  
A proba da avaliación inicial non pretende avaliar contidos específicos da materia de Valores éticos, aínda que si sería desexable que o alumnado saiba establecer relacións adecuadas con conceptos xa tratados en cursos anteriores, no caso de que o alumnado cursara esta materia. Máis ben, o que se pretende é detectar as nocións previas e capacidades do alumnado para potenciar esas capacidades e dirixir adecuadamente as ideas previas.
- 5) Farase unha proba escrita parcial por trimestre que terá un peso do 40% sobre a nota final da avaliación. Nela incorporaranse diversos instrumentos de avaliación como comentario de texto, actividades de comprensión e argumentación, actividades conceptuais, disertacións, cuestionarios, etc...
- 6) Proponse como tarefa a elaboración dun Dicionario de conceptos, no cal o alumnado irá tratando a temática de cada trimestre. Terán un valor do 40% sobre a nota final da avaliación.
- 7) O traballo diario de comentario de texto, mapas conceptuais (caderno de clase) e participación terá un valor do 20% sobre a nota final da avaliación.

- 8) Cando o alumno/a non obteña unha avaliación positiva nunha avaliación adoptaranse medidas de reforzo e recuperación: elaboración de mapas conceptuais, test de autoavaliación, cuestionarios, proba oral, etc...
- 9) Realizarase unha recuperación final en xuño para o alumnado que non lograse superar as sucesivas avaliacións que consistirá nunha proba escrita con actividades relacionadas cos tres bloques de contidos.
- 10) A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións.
- 11) A nota da avaliación final non poderá ser inferior á nota da terceira avaliación. A tales efectos farase coincidir as nota da 3ª avaliación coa nota da avaliación final.
- 12) Aos alumnos/as que se comprobe que están copiando na proba escrita ou copiaron algún traballo ou presentación serán invalidados os devanditos instrumentos de avaliación e deberán volver a realízalos.
- 13) Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba escrita valorada sobre 10. Avaliaranse os estándares de aprendizaxes mínimos establecidos na programación.

### RESUMO CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

INSTRUMENTOS POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA
EXAME ESCRITO	40%
DICCIONARIO DE CONCEPTOS ÉTICOS	40%
PARTICIPACIÓN E TRABALLO DE AULA	20%

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación.

ASPECTOS PARA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			

Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariade			

## 9. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O decreto 86/2015 do 25 de xuño establece que coa finalidade de lles facilitar aos alumnos e ás alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, a consellería con competencias en materia de educación regulará as condicións para que os centros docentes organicen as oportunas probas extraordinarias e os programas individualizados nas condicións que se determinen. Ademais que, os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.



Na materia de Valores Éticos levaranse as seguintes actuacións en relación ao alumnado coa materia pendente de cursos anteriores:

- Na medida do posible a recuperación de pendentes levarase a cabo por parte do profesor/a que impartiu clases aos alumnos afectados.
- Para recuperar a materia pendente o alumno deberá realizar unha proba escrita e un traballo trimestral referentes aos estándares de aprendizaxe mínimos establecidos na programación.
- A proba escrita terá un valor dun 50% sobre o total da nota.
- O traballo terá un valor dun 50% sobre o total da nota.
- A nota trimestral resultante será a suma dos dous tipos de instrumentos de avaliación. A nota final será a nota media dos tres trimestres.
- Cando a nota sexa decimal redondearase ao número enteiro máis próximo. Cando o decimal sexa 5, redondearase á alza.
- Establecerase unha hora semanal no horario lectivo do profesorado para resolver dúbidas e facer un seguimento do traballo por parte do alumnado.

## **10.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- número de alumnos e alumnas.
- funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

#### Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

### **11.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades complementarias e extraescolares teñen como finalidade reforzar e axudar á consecución dos obxectivos e competencias propostos en relación aos diferentes bloques de contidos.

Propoñemos as seguintes actividades complementarias e extraescolares para cada trimestre:

1º Trimestre: visita á delegación de Lalín do xornal “Faro de Vigo”

2º Trimestre: Visita a unha asociación humanitaria do Concello de Lalín

3º Trimestre: Visita ao Concello de Lalín, en concreto á concelleira de asuntos sociais.

## 12. ESTRATEXIAS PARA A LECTURA E CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Para a materia de Valores éticos propoñemos os seguintes libros de lectura voluntaria:

- F. Savater: *Ética para o meu fillo*. Ariel Editorial
- J. L. Nncy: *Justo imposible*. Proteus Editorial.
- J. Sierra i Fabra, *La piel de la memoria*
- J. Sierra i Fabra, *Campos de fresas*
- S. Collins, *Los juegos del hambre*
- D. Safier, *Maldito karma*
- R. Sharma, *El monje que vendió su ferrari*
- V. Roth, *Divergente*
- J. Boyne, *El niño con el pijama de rayas*
- K. Hosseini, *Cometas en el cielo*
- G. Orwell, *A revolta dos animais*. Positivas.
- J. Saramago, *Ensayo sobre la ceguera*
- G. Trespaderne, *Los caminos de la felicidad*

## **PROGRAMACIÓN FILOSOFÍA 1º BACHARELATO**

- 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
- 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- 3. OBXECTIVOS**
- 4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (TEMPORALIZACIÓN-MÍNIMOS-INSTRUMENTOS)**
- 5. METODOLOXÍA**
- 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (AVALIACIÓN-AVALIACIÓN INICIAL -PROMOCIÓN)**
- 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE**
- 9. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**
- 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- 12. ESTRATEXIAS PARA A LECTURA E CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A través da UNESCO, a ONU alenta os seus estados membros a traballar na promoción, no fortalecemento e na extensión da filosofía en todos os niveis do ensino, porque a sociedade democrática, formada por unha pluralidade diversa de persoas e comunidades, proxectos e intereses, demanda un pensamento racional que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea e proporcione instrumentos para edificar unha sociedade libre, igual e xusta.

A UNESCO considera que a materia de Filosofía, o saber máis antigo de Europa, é a ferramenta adecuada que debe servir a este fin. A filosofía forma unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, amante das institucións democráticas e con habilidades prácticas na resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a. Grazas a esta materia, os alumnos e as alumas adquiren a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización.

O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI.

Asemade, a materia de Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade (a UNESCO nomea a Filosofía como "Escola de liberdade" na súa estratexia internacional e no informe de 2007).

Os métodos filosóficos achegan enfoques plurais e contrastados que permiten albiscar saídas aos problemas que afectan a convivencia humana. A aprendizaxe do tratamento racional e dialogado destes asuntos disipa o recurso á violencia e á guerra, e fomenta a paz e a seguridade global e local.

En segundo lugar, a materia de Filosofía impulsa no alumnado o valor da indagación e a reflexión argumentada para descubrir prexuízos, xerar claridade respecto aos obxectivos e ao sentido da vida, valorar a calidade dos argumentos, detectar sofismas e falacias, resistir a presión arbitraria dos/das superiores e dos/das pares, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes, humanizar as persoas con quen estamos obrigados/as a convivir. É por iso que o tratamento na aula desta materia ten que facer reflexionar ao alumnado sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe dar visibilidade ao pensamento filosófico na muller.

A materia de Filosofía axuda a desmontar os argumentos das condutas baseadas nos valores da dominación e a vontade de poder que provocan crises ecolóxicas, económicas e humanas.

A meditación filosófica esperta no alumnado o interese polas demais persoas, estimula a empatía para imaxinar os problemas que lles afectan e crea a capacidade para se emocionar moralmente.

Mercé ao autoconhecimento que promove a filosofía, o alumnado pode chegar a recoñecer que a fragilidade, a debilidade e a mortalidade non son aspectos negativos e odiosos da existencia humana, senón ocasións para a axuda mutua, a cooperación e a reciprocidade.

En cuarto lugar, grazas aos modelos diversos de pensamento filosófico, a materia de Filosofía estimula a deliberación sosegada sobre as decisións que rexen a vida cotiá individual e colectiva, e impulsa a tomar iniciativas razoables. Nunha sociedade democrática avanzada, o alumnado debe formarse para aplicar o pensamento crítico á análise de principios económicos e políticos, sopesar teorías sobre a liberdade e a xustiza social, recoñecer a interacción dos fenómenos naturais e sociais, avaliar o impacto ético e social da tecnociencia e gozar con autonomía dos produtos artísticos.

A materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión holística necesaria para realizar estas tarefas. O alumnado educado filosoficamente é, daquela, activo, curioso, argumentativo, creativo, comprometido e innovador.

Como se ve, a Filosofía como materia potencia o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto. Pero nesa consecución precisa acudir á competencia en comunicación lingüística, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas. A competencia de aprender a aprender maniféstase na obriga intrínseca do facer filosófico de xerar marcos de sentido cada vez máis complexos, globais e enriquecedores que nos permitan tratar cunha realidade plástica, multifacética e omniabarcante, realidade que provoca en nós a moi humana sensación de admiración. E nesa sensación, a Filosofía non está soa, xa que a matemática e a ciencia se nutren da mesma fonte, e a competencia neses saberes cobra máis luz cando se examinan desde o saber que na orixe foi un con eles. Pero non chega a admiración. Con ela aparece a curiosidade que só se comprace cando polo sentido de iniciativa e o espírito emprendedor nos animamos á acción, á creación e á innovación. O mesmo saber require atrevemento, ousadía, iniciativa, como nos lembra Kant. A competencia dixital capacita os alumnos e as alumnas para o uso das novas tecnoloxías que serven para traballar coa materia mesma da razón, o sentido, que se presenta baixo as dúas facetas da información e a comunicación. O percorrido da filosofía polos seus temas e pola súa historia brinda acceso, ao cabo, a un panorama de teorías, pensadores/as, correntes, ideas, argumentos, críticas e preguntas que conforman a trama onde se viñeron tecendo as expresións culturais que nos fan ser o que somos.

Tamén se abordan no currículo de Filosofía varios dos elementos transversais de etapa, os que atinxen basicamente ao espírito emprendedor e ao estudo dos proxectos empresariais, e á influencia que poden ter neles as achegas das ramas da filosofía.

Na materia de Filosofía, todas estas esixencias están aglutinadas en varios bloques temáticos: a especificidade do saber filosófico, o coñecemento humano, a pregunta pola realidade, a condición humana e a racionalidade práctica. A través destes bloques o alumnado coñecerá os interrogantes, os conceptos, as formulacións e as respostas da filosofía aos grandes problemas do saber, o coñecemento, a ciencia, a realidade, a natureza, o ser humano, a acción, a arte, o discurso e a innovación.

Os contidos relacionados coa epistemoloxía, a filosofía da ciencia e da natureza, e a metafísica permiten afondar no coñecemento que o alumnado ten do seu contorno e da súa relación con el. O alumnado desenvolve a competencia para interpretar sucesos, avaliar o seu impacto, localizar as súas causas, anticipar e prever as consecuencias, analizar os factores capaces de transformar a realidade. Así mesmo, invitan o alumnado a exercer o pensamento metódico (na ciencia, na ontoloxía e na metafísica) con rigor e precisión.

Os contidos de antropoloxía, ética e filosofía política dan luz sobre a realidade individual, social e cultural; estimulan a autocomprensión e o autoconhecimento, espertan a capacidade de argumentación moral e política, desenvolven a conciencia normativa e a empatía moral, fomentan o respecto polos dereitos humanos, invitan á participación activa na vida democrática.

Os contidos de filosofía da linguaxe, lóxica, retórica e argumentación serven para educar a interpretación, a expresión, a formulación e a exposición do propio pensamento e do alleo en contextos comunicativos variados (deliberación, negociación, investigación, diálogo, controversia, discusión crítica e conversa informal), empregando con eficacia o razoamento lóxico e respectando as máximas que rexen a conduta racional comunicativa.

Os contidos de estética proxectan o alumnado a comprender, apreciar e valorar con espírito crítico reflexivo, actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas. A finalidade é apropiarse criticamente dun conxunto de criterios estéticos para estimar o valor da produción cultural e artística e, chegado o caso, producir obras artísticas innovadoras con contido filosófico. Tanto estes contidos curriculares coma o tratamento das competencias clave e dos elementos transversais invitan o profesorado da materia a emprender unha renovación metodolóxica na que os alumnos e as alumnas sexan quen de ocupar o papel activo fundamental que lles corresponde nos procesos de ensino e aprendizaxe: o de persoas autónomas e críticas, sociais e racionais, creativas e prudentes, donas de si e respectuosas coas demais persoas, sabias e felices. O tipo de persoa que a mellor filosofía nos presenta, desde sempre, como ideal humano.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

No proxecto de Filosofía para 1.º de Bacharelato potenciouse o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, conciencia e expresións culturais e as competencias sociais e cívicas. Evidentemente, o resto das competencias tamén foron consideradas nestes materiais, particularmente o fomento da aprendizaxe autónoma (aprender a aprender). Para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, incluíronse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Ademais, cabe recordar que serán os estándares de aprendizaxe avaliábeis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

### **Comunicación lingüística**

Na medida que a filosofía é unha disciplina fundamentalmente racional, discursiva e conceptual, os estudantes deberán practicar a comprensión textual, a definición de termos específicos da materia, a expresión escrita, a adecuación a certos contextos de comunicación e a comunicación oral en debates e argumentacións na clase.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Na medida que a filosofía foi historicamente a nai de diferentes disciplinas científicas, e que tamén abordou cuestións como a estrutura do coñecemento científico e das consecuencias da tecnoloxía para a vida humana, esta competencia é crucial neste proxecto. Ademais, a lóxica, como disciplina que vincula filosofía e matemática, recibiu un coidadoso tratamento nunha unidade específica.

### **Competencia dixital**

A competencia dixital trabállase fundamentalmente mediante a análise de produtos audiovisuais, películas en especial, que tratan temas que podemos vincular coas cuestións desenvolvidas en cada unidade. Por outra parte, tamén se intentou fomentar o uso de novas tecnoloxías na exposición didáctica e para iso preparáronse presentacións en formato PPT de cada unidade.

### **Aprender a aprender**

Foméntase a autonomía dos estudantes e o seu desenvolvemento como aprendices capaces de xerar novo coñecemento a partir dos contidos impartidos na clase. Así mesmo, na clase pódense traballar actividades orientadas a crear hábitos de esquematización, resumo e definición, que son básicos para posibilitar a autonomía no estudo.

### **Competencias sociais e cívicas**

A función social da filosofía e a súa vinculación coa teoría da sociedade implican que a reflexión sobre os valores sociais e morais, os hábitos, etc., sexan parte ineludible do labor filosófico. Por unha parte, intentamos presentar nocións e teorías básicas relativas á natureza social do ser humano. Por outra, ademais, pretendeuse cultivar a capacidade de diálogo e entendemento a través de actividades participativas, como o debate.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Valores como o liderado, a creatividade, a iniciativa persoal ou a autonomía non son alleos á educación filosófica. Capacidades como a argumentación, o razoamento ou a exposición pública están ligadas ao fomento da iniciativa individual. Máis alá destes valores transversais, presentes en todas as unidades, o mundo da empresa e a economía recibe un tratamento específico nestes materiais.

### **Conciencia e expresións culturais**



A importancia da cultura, a arte, a historia, etc., e a necesaria conciencia do seu valor tamén xogan un rol crucial neste proxecto de Filosofía de 1.º de Bacharelato. Mediante a análise de diferentes obras de arte, pretendemos incentivar a conciencia e o gusto estético. Polo demais, a conexión entre a Filosofía e o ámbito da cultura en xeral é evidente, e, por conseguinte, é necesario fomentar unha actitude de respecto, tolerancia e coñecemento do amplo patrimonio cultural que constitúe a nosa forma de vida.

### 3. OBXECTIVOS

No marco da LOMCE, o bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

Os obxectivos xerais para a materia de filosofía son:

- a) A materia de Filosofía ten como meta que o alumnado sexa capaz de pensar e comprender, abstraéndose racionalmente do campo concreto estudado en cada unha das outras materias, para centrarse naquilo que caracteriza especificamente a filosofía, isto é, reflexionar, razoar, criticar e argumentar, utilizando o modo de preguntar radical e último que lle é propio, sobre os problemas referidos á totalidade da vivencia humana, e iso sen deixar de lado a súa capacidade de transformación e cambio tanto do individuo coma da sociedade.
- b) A filosofía é un modo especial de preguntar e de saber, un xeito de entender e de enfrontarse á realidade que nos rodea, ás circunstancias nas que vivimos e que, en boa medida, nos fan ser e comprender como somos. Por iso, a materia de Filosofía persegue como obxectivo principal a comprensión por parte do alumnado de si mesmo e do seu mundo, dotándoo para iso de ferramentas cognitivas tanto teóricas coma prácticas.
- c) No plano teórico, o alumnado coñecerá os grandes interrogantes, os conceptos especializados e as teorías que intentan dar resposta ás grandes cuestións.
- d) Na súa dimensión práctica, a materia dota de ferramentas como a actitude crítica e reflexiva que lles ensina aos alumnos e alumnas a non admitir ideas que non foron rigorosamente analizadas e evidenciadas, o saber pensar, razoar e argumentar con fundamento, coherencia e de forma autónoma, a habilidade discursiva para dialogar e convencer evitando o pensamento único e dogmático, a capacidade para discernir entre o evidente e o arbitrario, o substancial e o accidental, a xestión creativa das súas capacidades estéticas ou o razoamento moral e político autónomo, coherente e cimentado e, en definitiva, a valorar a capacidade da filosofía como instrumento de innovación e

transformación desde hai máis de 2500 anos; todo iso resúmese na súa vocación orixinaria, o amor ao saber, e iso filosofando, idea clave que se lle debe transmitir ao alumnado desde esta materia e que constitúe o punto de partida.

- e) No ámbito práctico, o estudo da ética e da filosofía política desenvolve a comprensión da realidade individual, cultural e social da man da capacidade normativa e transformadora da filosofía, permitindo realizar razoamentos críticos e dialogantes e fomentando o respecto polos valores universais e a participación activa na vida democrática. Dende os estudos de estética alcánzanse competencias culturais, como o respecto á liberdade de expresión e á diversidade cultural.
- f) Finalmente, a materia debe motivar o alumnado para aprender a aprender, competencia que está na base do amor ao saber, por saber, finalidade que se encarna na Filosofía como en ningunha outra materia e que constitúe o punto de apoio para experimentar e xerar iniciativas persoais, enfrontándose á vida e, en definitiva, crecendo como persoas.

#### 4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (TEMPORALIZACIÓN-MÍNIMOS-INSTRUMENTOS-INDICADORES DE LOGRO)

Os estándares de aprendizaxe avaliábeis son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

BLOQUE 1: CONTIDOS TRASVERSAIS – TEMPORALIZACIÓN 1º 2º 3º TRIMESTRE						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCBB	INTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO. MÍNIMOS ( O nivel 3 correspóndense cos mínimos esixibles)			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB1.1.1. Analiza de xeito crítico textos pertencentes a pensadores/as destacados/as, identifica a problemática e as solucións expostas (distinguindo as teses principais e a orde da argumentación)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>	<b>Exame lectura</b>	- Non recoñece as ideas máis importantes da lectura.	-Recoñece de forma confusa as ideas máis importantes da lectura.	-Identifica con rigor as ideas máis importantes da lectura.	-Identifica con rigor as ideas máis importantes da lectura.

e relaciona os problemas propostos nos textos co estudado na unidade, e/ou co achegado por outros/as filósofos/as ou correntes, e/ou con saberes distintos da filosofía.			-Non relaciona as ideas coa temática das unidades didácticas	-Non establece relación das ideas coa temática das unidades didácticas	-Non relaciona as ideas coa temática das unidades didácticas	-Relaciona as ideas coa temática das unidades didácticas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.9.2. Contrasta e relaciona algunhas construcións simbólicas fundamentais no contexto da cultura occidental, e analiza, de xeito colaborativo, textos literarios, audicións musicais e visualizacións de obras de arte para explicar os contidos da unidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<b>Traballo de aula</b>	O alumno demostra bastante dificultade para comprender os puntos clave das construcións simbólicas.	As relacións e as análises non teñen en conta os conceptos clave e baséanse en aspectos pouco significativos.	comprensión cos máis abstractos ou complexos, feito que lle impide utilízalos con rigor. Contrástanse os conceptos clave das construcións simbólicas, pero falta rigor nas relacións e nas análises explicativas.	simbólica e a filosofía.  O alumno contrasta e relaciona con rigor as construcións simbólicas. As análises son claras e pertinentes.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.10.1. Diserta sobre a relación e a posibilidade transformadora da realidade humana, a creación artística, a ciencia e a ética.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<b>Exame escrito Traballo de aula</b>	O coñecemento adquirido sobre as cuestións propostas é débil e insuficiente.	O alumno diserta sobre algúns elementos do tema proposto pero mostra un baixo nivel de comprensión e análise.	Analiza de forma sistemática e obtén conclusións válidas pero non achega ideas propias.	Diserta criticamente sobre o tema proposto achegando ideas propias aos razoamentos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.11.1. Coñece e describe algúns dos elementos fundamentais da reflexión estética sobre a arte, analizando textos significativos de filósofos como Platón, Schelling, Hume, Kant, Nietzsche, Walter Benjamin, Gadamer, Marcuse ou Adorno, entre outros, e aplica esas ideas ao estudo de diversas obras de arte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<b>Exame escrito</b>	Aplica métodos de análises de textos pouco elaborados e sistemáticos e elabora conclusións pouco sólidas.	Aplica de maneira mecánica métodos sistemáticos de análises de textos que conducen a conclusións pouco válidas.	Analiza textos aplicando métodos sistemáticos; obtén conclusións válidas pero non realiza transferencias ao estudo de diversas obras de arte.	Analiza en profundidade textos filosóficos e relaciónaos co estudo de diversas obras de arte.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.11.2. Entende o valor filosófico da literatura, analizando textos breves de pensadores e literatos como Platón, Santo Agostiño, Calderón de la Barca, Pío Baroja, A. Machado, Voltaire, Goethe, Sartre, Unamuno, Borges ou Camus, entre outros.</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.11.3. Coñece a visión filosófica da música a través da análise de textos filosóficos sobre as visións dos pitagóricos, de Platón, Schopenhauer, Nietzsche ou Adorno, entre outros, así como mediante audicións significativas.</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FIB6.12.1. Diserta de xeito claro e coherente sobre o valor das artes para transmitir ideas filosóficas, e procura e selecciona</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<b>Exame escrito</b>	O alumno non é capaz de disertar sobre o valor das artes para transmitir	O alumno diserta sobre algúns elementos do tema proposto pero mostra un	Diserta de forma ordenada e obtén conclusións válidas	Razoa criticamente sobre o valor das artes na transmisión das



información en internet que amplíe o xa aprendido.		<b>Traballo de aula</b>	ideas filosóficas. O coñecemento adquirido sobre o valor das artes para transmitir ideas filosóficas é débil e inconsistente.	baixo nivel de comprensión e análise.	para a súa disertación, pero non achega ideas propias.	ideas filosóficas achegando ideas propias aos razoamentos
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.13.1. Coñece e manexa con rigor conceptos como símbolo, comunicación, linguaxe formal, lóxica, xuízo lóxico, razoamento, demostración, discurso, elocuencia, orador, retórica, exordio, inventio, dispositio, argumentación, elocutio, compositio, actio, falacia, debate, negociación, persuasión e concepto universal, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<b>Exame escrito</b>  <b>Traballo de aula</b>	Mostra un baixo coñecemento da terminoloxía filosófica sobre comunicación e lóxica relacionada co tema.	Manifesta un coñecemento memorístico dalgúns dos conceptos e termos básicos, pero un baixo nivel de comprensión dos mesmos.	Comprende algúns dos termos e conceptos básicos, pero mostra dificultades de comprensión cos máis abstractos ou complexos, feito que lle impide utilízalos con rigor.	Comprende e utiliza con rigor os termos e conceptos clave relacionados coa comunicación, a argumentación lóxica e a filosofía.
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.14.1. Utiliza os elementos e as regras do razoamento da lóxica de enunciados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	<b>Exame escrito</b>	O alumno descoñece os elementos da lóxica proposicional e non aplica as regras básicas de razoamento.	O alumno mostra coñecemento dos elementos clave da lóxica proposicional pero non aplica adecuadamente as regras básicas de razoamento.	Incorpóranse os elementos clave e as regras da lóxica proposicional, pero de maneira non sempre rigorosa.	Utiliza correctamente os elementos e regras da lóxica de enunciados e mostra comprensión profunda do tema.
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.15.1. Comprende e explica a estrutura e o estilo da retórica e da argumentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<b>Exame escrito</b>	Demostra dificultades para comprender a estrutura e o estilo da retórica e a argumentación. O coñecemento da estrutura e a orde do discurso é débil e insuficiente.	Manifesta un coñecemento memorístico dalgúns conceptos pero cun baixo nivel de comprensión, as explicacións non demostran coñecemento do tema. O alumno coñece de forma xeral a estrutura e orde dun discurso, pero mostra un baixo nivel de expresión escrita.	As explicacións mostran unha comprensión aceptable da retórica e a argumentación, pero ás veces carecen de rigor. Coñece a estrutura e orde do discurso e presenta os discursos retóricos de forma sistemática pero ás veces falta coherencia entre a exposición e a argumentación.	O alumno comprende e explica perfectamente as estruturas e estilo do tema proposto. Utiliza con rigor, precisión e claridade os elementos clave. O coñecemento da estrutura e orde do discurso é exposto con precisión e claridade, a exposición e os razoamentos son rigorosos
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.16.1. Constrúe un diálogo argumentativo no que demostra as súas propias teses mediante as regras e as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>	<b>Exame escrito</b>	A construción do diálogo argumentativo demostra dificultade para	O diálogo elaborado resulta incompleto, baseado nunha identificación pouco clara e	A construción presentada está baseada nas	Elabora diálogos argumentativos completos, identifica

ferramentas da argumentación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>	<b>Traballo de aula</b>	seleccionar as ferramentas de argumentación adecuadas. Confunde entre falacia e argumento veraz, mostra un baixo coñecemento do tema. Aplica métodos de análises de textos pouco elaborados e sistemáticos e as súas conclusións carecen de validez.	precisa dos elementos clave das regras da argumentación. É capaz de distinguir algúns elementos clave dos argumentos falaz e veraz, pero aplica de maneira mecánica os coñecementos. Aplica de maneira mecánica métodos sistemáticos de análises de textos que conducen a conclusións pouco válidas.	ferramentas e regras básicas do discurso. Non obstante, os argumentos carecen de achegas propias. Presenta comprensión suficiente para distinguir entre discursos, mostra dificultades cos argumentos máis complexos. Analiza textos aplicando métodos sistemáticos e obtén conclusións válidas pero expostas sen o rigor necesario.	correctamente os elementos clave e razoa con precisión, rigor e claridade. Distingue con rigor e claridade os argumentos e as falacias. Comprende os conceptos utilizados. Analiza en profundidade textos filosóficos e expón as súas conclusións con claridade e rigor.
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.16.2. Distingue un argumento veraz dunha falacia.</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.16.3. Analiza e comenta textos breves e significativos sobre a arte da retórica e a argumentación de Platón, Aristóteles, Cicerón, Quintiliano, Tácito e autores/as contemporáneos/as.</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.17.1. Utiliza conceptos con sentido filosófico e aplicaos ao contexto empresarial: principios, saber, orde lóxica, finalidade, demostración, razoamento, indución, dedución, argumentación, sentido, significado, creatividade, diálogo, obxectivo/subxectivo, emocións, globalidade e valor, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>	<b>Exame escrito</b> <b>Traballo de aula</b>	Mostra un baixo coñecemento da terminoloxía filosófica relacionada co contexto empresarial.	Manifesta un coñecemento memorístico dalgúns dos conceptos e termos básicos, pero un baixo nivel de comprensión dos mesmos.	Comprende s os termos e conceptos básicos, pero mostra dificultades de comprensión cos máis abstractos ou complexos, feito que lle impide aplicalos con rigor.	Comprende e utiliza con rigor os termos e conceptos clave relacionados co contexto empresarial.
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.18.1. Formula correctamente os interrogantes filosóficos radicais que deben estar na base da creación dun proxecto, tanto vital como laboral, como "que son?", "que fago?", "por que?", "para que?", "cal é o meu obxectivo?", "cal é o seu sentido, a súa razón de ser?", etc., e saber argumentar a defensa das respostas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> </ul>	<b>Exame escrito</b> <b>Traballo de aula</b>	O alumno mostra dificultades importantes para comprender os puntos clave do tema estudado.	As formulacións utilizadas non teñen en conta os aspectos clave da filosofía aplicables a un proxecto empresarial e baséanse en aspectos pouco significativos.	Incorpóranse os interrogantes clave do tema. Ás veces, falta rigor na súa utilización.	Formula correctamente os interrogantes filosóficos, argumenta as respostas e mostra unha comprensión
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.19.1. Deseña un proxecto vital ou empresarial, sobre a base da filosofía, valorando a íntima relación entre os pensamentos e as accións, entre a razón e as emocións, a través do diálogo, da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>					
<b>NON ESIXIBLE</b>						

argumentación e a linguaxe filosófica.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.20.1. Coñece e utiliza as ferramentas da argumentación e o diálogo na resolución de dilemas e conflitos dentro dun grupo humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<b>Traballo de aula</b>	O coñecemento adquirido sobre as cuestións propostas é moi precario. O alumno non utiliza as ferramentas adecuadas para a resolución de conflitos.	O alumno coñece de forma xeral algúns elementos do tema proposto pero mostra un nivel de comprensión e utilización baixo. A súa aplicación é ineficaz.	Coñece as ferramentas da argumentación e o diálogo e aplícaa na resolución de conflitos pero ás veces é incoherente na súa utilización.	Coñece e utiliza de maneira eficaz, clara e rigurosa as ferramentas da argumentación e o diálogo na resolución de conflitos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.21.1. Valora a posibilidade de crear tarefas innovadoras, valorando a función e a importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e o avance dunha cultura, e a transformación da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>		<b>NON ESIXIBLE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.22.1. Realiza un decálogo de valores éticos que deben rexer no mundo laboral e de cara á sociedade e á natureza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<b>Traballo de aula</b>	Demostra dificultade para recoñecer os principais valores éticos, manifesta unha baixa comprensión do tema proposto.	Identifica algúns valores éticos pero ten un baixo nivel de comprensión dos elementos claves que se aplican no tema.	Realiza un decálogo cos valores propostos, pero carece de precisión, claridade e rigor na terminoloxía utilizada.	Realiza un decálogo cos valores propostos e valóraos debidamente e con rigor. Mostra unha comprensión completa do elemento clave.
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.22.2. Valora e diserta sobre a importancia do traballo para desenvolvernos como seres humanos, para o avance dunha cultura e para transformar a realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<b>Traballo de aula</b>	O coñecemento adquirido sobre a cuestión proposta é débil e insuficiente. Non hai disertación nin valoración.	O alumno diserta sobre algúns elementos do tema proposto pero mostra un baixo nivel de comprensión e posta en valor.	Diserta e valora correctamente, e obtén conclusións válidas; pero non achega ideas propias.	Valora e diserta criticamente sobre o tema proposto achegando ideas propias aos razoamentos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>FIB6.23.1. Comprende e valora a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<b>Traballo de investigación</b>	A valoración e a comprensión dos elementos propostos é insuficiente e inadecuada.	É capaz de distinguir algúns puntos clave dos elementos propostos pero non hai claridade nin organización nas ideas.	Comprende e valora a importancia que ten a razón crítica para os proxectos persoais e colectivos, pero sen suficiente rigor.	Valora con rigor e claridade os elementos clave do tema. Comprende os conceptos utilizados.

## 5. METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de comentario e análise de texto, definición conceptual e, ademais, tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias tanto coa vida cotiá como con outras materias.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

## **1. CRITERIOS METODOLÓXICOS**

En relación co exposto anteriormente, a proposta didáctica de Filosofía elaborouse de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos de Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, estes criterios deben ter en conta os criterios de avaliación transversais a todo o temario de Filosofía de 1.º de Bacharelato, que son os seguintes:

1. Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos significativos e breves, pertencentes a pensadores destacados.
2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
3. Seleccionar e sistematizar información obtida de diversas fontes.

4. Analizar e argumentar sobre propostas filosóficas, elaborando de forma colaboradora esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### 1. ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

Tratarase de utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación.

#### a) **As estratexias expositivas**

Preséntanlle ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as propostas introdutorias e panorámicas e para ensinar feitos e conceptos; especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

Non obstante, resulta moi conveniente que esta estratexia se acompañe da realización polo alumnado de actividades, que posibiliten enlazar os novos coñecementos cos que xa posúe.

#### b) **As estratexias de comentario e análise textual**

Preséntanlle ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe elaborar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a textos, argumentacións e debates problemáticos nos que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo, á súa vez, a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer o alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

As **técnicas didácticas** en que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destacamos polo seu interese as tres seguintes:

- **As tarefas** sen unha solución clara e pechada, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar o alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.

- **Análise e valoración da actualidade.** O estudo de casos ou feitos e situacións concretas como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.
- **Os proxectos de investigación,** estudos ou traballos de redacción habitúan o alumnado a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía, a formular preguntas e a adquirir experiencia na busca e a consulta autónoma. Ademais, facilítanlle unha experiencia valiosa sobre o traballo dos especialistas na materia.

### 1. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

En calquera das estratexias didácticas adoptadas é esencial a realización de actividades por parte do alumnado, posto que cumpren os obxectivos seguintes:

- Afianzan a comprensión dos conceptos e permítenlle ao profesorado comprobalo.
- Son a base para o traballo cos textos e para fomentar as capacidades de comprensión, análise e razoamento.
- Permiten darlles unha dimensión múltiple aos conceptos, percibindo as súas conexións con outras nocións e a súa aplicación a diferentes ámbitos do coñecemento.
- Fomentan actitudes que axudan á formación humana do alumnado.

#### a. Criterios para a selección das actividades:

- Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, utilizando diversas estratexias.
- Que proporcionen situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental e leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou as actuacións.
- Que estean perfectamente relacionadas cos contidos teóricos.
- Que teñan unha formulación clara, para que o alumnado entenda sen dificultade o que debe facer.
- Que sexan variadas e permitan afianzar os conceptos, traballar os procedementos (textos, imaxes, películas e outros documentos), desenvolver actitudes que colaboren na formación humana e atender á diversidade na aula (teñen distinto grao de dificultade).
- Que lles dean unha proxección práctica aos contidos, aplicando os coñecementos á realidade.
- Que sexan motivadoras e conecten cos intereses do alumnado, por referirse a temas actuais ou relacionados co seu medio.

#### b. Tipos de actividades

Sobre a base destes criterios, as actividades programadas responden a unha tipoloxía variada que se encadra dentro das categorías seguintes:

**Actividades de ensino-aprendizaxe.** A esta tipoloxía responde unha parte importante das actividades propostas no libro de texto.

Encóntranse nos apartados seguintes:

- En cada un dos grandes subapartados en que se estruturan as unidades didácticas propóñense actividades ao fío dos contidos estudados. Son, xeralmente, de localización, afianzamento, análise e interpretación de textos e ampliación de conceptos.
- Ao final de cada unidade didáctica propóñense actividades de comentario de textos clásicos, análise de documentos audiovisuais (películas ou documentais) e de obras de arte.

**Actividades de aplicación** dos contidos teóricos á realidade e ao medio do alumnado. Este tipo de actividades, nuns casos, refírense a un apartado concreto do tema e, polo tanto, inclúense entre as actividades propostas ao fío da exposición teórica; noutros casos, preséntanse como traballos de investigación ou reflexión persoal argumentada sobre algúns temas.

**Actividades encamiñadas a fomentar a concienciación,** o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade... Este tipo de actividades adoita aparecer ao final dalgunhas unidades do libro de texto.

Por outra parte, as actividades programadas presentan diversos niveis de dificultade. Desta forma permiten dar resposta á diversidade do alumnado, posto que poden seleccionarse aquelas máis acordes co seu estilo de aprendizaxe e cos seus intereses.

A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado na clase, aclara dúbidas e permítelle ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

## 2. MATERIAL DIDÁCTICO

O material que se vai empregar na materia de filosofía será:

1. **Libro do alumnado.** Material didáctico central para 1.º de Filosofía de Bacharelato.
2. **Libro dixital.** Un libro dixital complementario do libro en papel que inclúe un dicionario básico de termos filosóficos ordenado por temas, mapas conceptuais de cada unidade e as presentacións en formato PPT tamén de cada unha das unidades.
3. **Web do alumnado.** Consiste nalgúns materiais complementarios xerais, como un conxunto de breves biografías dalgúns dos filósofos estudados e o dicionario básico, agora ordenado alfabeticamente. Ademais, contén tamén unha selección de textos complementarios para cada unidade e unha ferramenta de autoavaliación.

- 4. Web do profesorado.** Con todos os recursos incluídos na web do alumnado e recursos expresamente destinados aos docentes, como as solucións de todas as actividades propostas no libro do alumnado, a programación didáctica de cada unidade e un xerador de probas de avaliación.
- 5. Libros de lectura.** Ao longo do curso farase unha selección de libros introdutorios á filosofía e propoñerase unha lectura obrigatoria adecuada á temática da unidade didáctica correspondente.
- 6. Artigos diversos.** Intentarase que a conexión dos contidos tratados na aula coa realidade sexa a máxima, polo que se ilustrará coas opinións, debates, polémicas, conflitos etc...que se estean a producir no momento na nosa sociedade.

## **7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (AVALIACIÓN-AVALIACIÓN INICIAL -PROMOCIÓN)**

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño, os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran na concreción curricular do devandito decreto e establecidos nesta programación no apartado 3 para a materia de filosofía de 1º BACH.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

### **1. INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN**

Os instrumentos ou sistemas de avaliación que se van empregar para avaliar ao alumnado son:

- Actividades de composición, como redaccións, disertacións, debates, comentario de texto, etc.
- Actividades de libro aberto.
- Actividades orais.
- Traballos complementarios.
- Probas obxectivas escritas (exame): cuestións nas que hai que xustificar as respostas e resolución de exercicios e problemas.

Nestes instrumentos de avaliación estarán presentes os seguintes tipos de actividades:



- **Actividades conceptuais.** Nelas os alumnos e alumnas irán substituíndo de forma progresiva as súas ideas previas polas desenvolvidas na clase. Deben ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.
- **Actividades de comentario de texto.** Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese e ideas secundarias. Para iso, ten que poder expoñer os argumentos ou estruturas de razoamento do texto.
- **Actividades de síntese.** Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razoar a partir deles.
- **Actividades de razoamento e argumentación.** Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

## 2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- 1) Realizaranse catro avaliacións ao longo do curso, ademais do seguimento individualizado de cada sesión. En primeiro lugar a avaliación inicial, máis tres avaliacións correspondentes aos tres trimestres nos que se divide o curso.
- 2) Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco
- 3) Cando a nota sexa decimal redondearase ao número enteiro máis próximo (cara arriba ou cara abaixo); cando o decimal sexa 5, redondearase á alza
- 4) **A avaliación inicial** consistirá nun texto de carácter filosófico ou non (pode ser un artigo, unha noticia, unha imaxe, etc...) sobre o que o alumno terá que realizar unha actividade de comprensión e opinión persoal. A proba terá a cualificación de **satisfactoria** ou **necesita mellorar** e terá un valor orientativo para enfocar a aprendizaxe dos contidos secuenciados nos sucesivos trimestres e as medidas de reforzo e procedementos de aprendizaxe máis axeitados.

A proba da avaliación inicial non pretende avaliar contidos específicos de filosofía, aínda que si sería desexable que o alumnado saiba establecer relacións adecuadas con conceptos de Cidadanía e Ética, pois estas materias tiveron certo peso no currículo da ESO. Máis ben, o que se pretende é detectar as nocións previas e capacidades do alumnado para potenciar esas capacidades e dirixir adecuadamente as ideas previas.

- 5) Farase unha proba escrita parcial por trimestre que terá un peso do 75% sobre a nota final da avaliación. Nela incorporaranse diversos instrumentos de avaliación como comentario de texto, actividades de comprensión e argumentación, actividades conceptuais, disertacións, cuestionarios, etc...
- 6) Solicitarase por cada trimestre como mínimo dous dos seguintes produtos: traballos de investigación, exposicións, lecturas, comentarios críticos etc.... relacionados coas diversas unidades didácticas. Terán un valor do 10% sobre a nota final da avaliación.
- 7) O alumnado deberá facer un exame de lectura
- 8) O traballo diario de comentario de texto, mapas conceptuais (caderno de clase) e participación terá un valor do 5% sobre a nota final da avaliación.
- 9) Cando o alumno/a non obteña unha avaliación positiva nunha avaliación adoptaranse medidas de reforzo e recuperación: elaboración de mapas conceptuais, test de autoavaliación, cuestionarios, proba oral, etc...
- 10) Realizarase unha recuperación final en xuño para o alumnado que non lograse superar as sucesivas avaliacións que consistirá nunha proba escrita con actividades relacionadas cos tres bloques de contidos.
- 11) A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións.
- 12) A nota da avaliación final non poderá ser inferior á nota da terceira avaliación. A tales efectos farase coincidir as nota da 3ª avaliación coa nota da avaliación final.
- 13) Aos alumnos/as que se comprobe que están copiando na proba escrita ou copiaron algún traballo ou presentación serán invalidados os devanditos instrumentos de avaliación e deberán volver a realizalos.
- 14) Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba escrita valorada sobre 10. Avaliaranse os estándares de aprendizaxes mínimos establecidos na programación.

### **RESUME CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

INSTRUMENTOS POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA
EXAME	75%

<b>LECTURA</b>	<b>10%</b>
<b>TRABALLO INVESTIGACIÓN E REFLEXIÓN</b>	<b>10%</b>
<b>PARTICIPACIÓN E TRABALLO DE AULA</b>	<b>0,5%</b>

### 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

A lexislación establece que a avaliación en tanto que continua debe ser entendida coma un proceso para a mellora dos procesos de ensino, polo que se deberá avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como o propios procesos de ensino e a práctica docente.

Para tales efectos propoñemos os seguintes indicadores de logro relacionados con elementos fundamentais da práctica docente. Valoraranse ao inicio do curso e ao final de cada trimestre para detectar posibles desaxustes entre a práctica docente e a secuenciación de contidos, resultados académicos, instrumentos e procedementos de avaliación etc....

PRÁCTICA DOCENTE	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe		
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta		

PLANIFICACIÓN	3.Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes		
	4.Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5.Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recurso axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6.Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7.Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia		
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1.Proporciona un plan de traballo ao principio da unidade		
	2.Considera situacións que introduza a unidade (lecturas, debates, diálogos...)		
	3.Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coas súa funcionalidade		
	4.Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
	5.Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6.Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		
	7.Promove a reflexión dos temas tratados		
	1.Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		

DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA	2.Cando introduce conceptos novos, relaciónaos se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3.Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoría dentro e fóra das clases.		
	4.Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica		
	5.Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6.Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7.Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos/as		
	8.Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9.Presenta actividades de grupo e individuais.		
		1.Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.	
2.Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.			
3.Revisa, con frecuencia, os traballos propostas na aula ou fóra dela.			
4.Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.			
5.Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos/as e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.			
6.Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.			
7.Favorece os procesos de autoavaliación e			

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA- APRENDIZAXE	coavaliación.		
	8.Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados con suficiencia.		
	9.Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10.Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc...		
	11.Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

## 9. ACTIVIDADES DE SGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O decreto 86/2015 do 25 de xuño establece que coa finalidade de lles facilitar aos alumnos e ás alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, a consellería con competencias en materia de educación regulará as condicións para que os centros docentes organicen as oportunas probas extraordinarias e os programas individualizados nas condicións que se determinen. Ademais que, os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

No curso 2018/19 non hai alumnado coa materia pendente.

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos principios básicos que ha ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno e alumna a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade.

No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que os propios alumnos e alumnas resolvan esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que os alumnos e alumnas manifestan.

É preciso, daquela, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos alumnos e alumnas e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Dar resposta a esta diversidade non é tarefa doada, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os alumnos e alumnas alcancen os obxectivos propostos.

Como actividades de **detección de coñecementos previos** suxerimos:

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto teórico aténdose ao seu contexto e á súa importancia para temas actuais e cotiáns, sempre que iso sexa posible.

Como actividades de **consolidación** suxerimos:

- Realización de exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos teóricos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Traballo cos textos complementarios de cada unidade para asentar e consolidar os coñecementos adquiridos.

Esta variedade de exercicios cumpre, así mesmo, a finalidade que perseguimos. Coas actividades de recuperación-ampliación, atendemos non só os alumnos e alumnas que presentan problemas no proceso de aprendizaxe, senón tamén aqueles que alcanzaron no tempo previsto os obxectivos propostos.

As distintas formas de agrupamento do alumnado e a súa distribución na aula inflúen, sen dúbida, en todo o proceso. Entendendo o proceso educativo como un desenvolvemento comunicativo, é de grande importancia ter en conta o traballo en grupo, recurso que se aplicará en función das actividades que se vaian realizar —concretamente, por exemplo, nos procesos de análise e comentario de textos—, pois consideramos que a posta en común de conceptos e ideas individuais xera unha dinámica creativa e de interese nos alumnos e alumnas.

Concederáselle, non obstante, grande importancia noutras actividades ao traballo persoal e individual; en concreto, aplicarase nas actividades de síntese/resumo e nas de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

Teremos que acometer, pois, o tratamento da diversidade no Bacharelato desde dúas vías:

1. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.
2. A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación, como dixemos, ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

## **11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades complementarias e extraescolares teñen como finalidade reforzar e axudar á consecución dos obxectivos e competencias propostos en relación aos diferentes bloques de contidos.

Propoñemos as seguintes actividades complementarias e extraescolares para cada trimestre:

- 1º trimestre: Visita ao Parlamento de Galicia (supeditada ao interese da mesma por outros departamentos didácticos).

A actividade ten como obxectivo que o alumnado aprecie a importancia da función política da linguaxe como instrumento de resolución de conflitos, de acordos e consensos como fundamento da vida democrática.

- 2º trimestre: Charla-coloquio da profesora M<sup>ª</sup> José Agra da Universidade de Santiago de Compostela. O tema da mesma será a diversidade cultural, a cidadanía democrática e a idea de igualdade.

A actividade ten como obxectivo que o alumnado reflexione e manteña unha actitude crítica fronte aos problemas actuais derivados da diversidade cultural.

- 3º trimestre: Visita ao Concello de Lalín.

A actividade ten como obxectivo a toma de conciencia por parte do alumnado da cidadanía responsable, como elemento fundamental da democracia, ademais de ter unha visión obxectiva de como se traduce a vontade popular en decisións concretas que afectan positiva ou



negativamente aos cidadáns e cidadás. En definitiva, recoñecer a importancia do papel activo dos cidadáns na vida política, entendida esta como a máxima expresión dunha convivencia social xusta e libre, onde as institucións teñen o deber de posibilitar a mesma.

- 1º, 2º e 3º trimestre: proxección de películas que afrontan a problemática tratada nos diferentes bloques de contidos. A proxección irá acompañada dunha guía de ideas e dunha posterior posta en común

## 12. ESTRATEXIAS PARA A LECTURA E CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Como estratexia de animación á lectura e contribución ao desenvolvemento da expresión e comprensión oral e escrita, os alumnos de Filosofía e Cidadanía lerán de forma obrigatoria ao longo do curso o libro:

- *Se isto é un home* / Primo Levi. Ed. Xerais

- *Las preguntas de la vida* / Fernando Savater

De forma voluntaria poderán escoller un dos libros que figuran na relación adxunta.

. A lectura realizarase en clase e fóra dela. Cando a lectura realícese en clase, o profesor realizará preguntas sobre os temas e contidos do libro co fin de avaliar o grao de comprensión e expresión oral alcanzados.

. Ao terminar a lectura do libro os alumnos completarán un cuestionario realizado por este Departamento que nos axudará a avaliar o grao de comprensión e expresión escrita alcanzado.

### LIBROS DE LECTURA FILOSOFÍA

- 1- La filosofía explicada a mi hija / R.-P. Droit - Paidós
- 2- Un feliz mundo novo / Aldous Huxley - Xerais
- 3- A confusión do interno Törless / Robert Musil - Ir Indo
- 4- O parable ascenso de Arturo Ui / Bertolt Brecht - Laivento
- 5- Vida de Galileo / Bertolt Brecht - Alianza

- 6- O extranxeiro / Albert Camus. - Do Cumio
- 7- La peste / Albert Camus. - Edhasa
- 8- Os xustos / Albert Camus. - Laiovento
- 9- Carta al padre / Franz Kafka. - Alianza
- 10- En la colonia penitenciaria / Franz Kafka. - Alianza
- 11- A metamorfose / Franz Kafka. - Sotelo Blanco
- 12- La naranja mecánica / Anthony Burgess. - Edhasa
- 13- As viaxes de Gulliver / Jonathan Swift. - Xerais
- 14- O vixía no centeo / J. D. Salinger. - Xerais
- 15- Señor das moscas / Willian Golding. - Sotelo Blanco
- 16- Walden dos / B. F. Skinner. - Fontanella
- 17- Mas alla de la liberdade y la dignidad / B. F. Skinner. - Fontanella
- 18- Historia del tiempo / S. Hawking. - Alianza
- 19- Siddartha / Herman Hesse. - Galaxia
- 20- El lobo estepario / Herman Hesse. - Alianza
- 21- Ética para o meu fillo / Fernando Savater. - Ariel
- 22- Rompan filas / Julia Martínez Sánchez. - Virus
- 23- Do outro lado do espello e o que Alicia atopou aló / Lewis Carrol. - Xerais
- 24- El mundo de Sofía / Jostein Gaarder. - Siruela
- 25- El ingenuo y otros cuentos / Voltaire. - Siruela
- 26- Cándido / Voltaire. - Xerais
- 27- El café de los filósofos muertos / Nora K. y Vittorio Hösle. - Anaya
- 28- El miedo a la liberdade / Erich Fromm. - Paidos
- 29- Y sereis como dioses / Erich Fromm. - Paidos
- 30- El viaje del profesor Caritat / Steven Lukes. - Tusquets
- 31- Antígona / Sófocles. - Pombal
- 32- Edipo Rey / Sófocles. - Alianza
- 33- Sobre a amizade / Cicerón. - Xunta de Galicia
- 34- 1984 / George Orwell. - Faktoría K
- 35- A revolta dos animais / George Orwell. - Positivas
- 36- La nausea / Jean Paul Sartre. - Alianza

- 37- Las manos sucias / Jean Paul Sartre. - Alianza
- 38- A engranaxe / Jean Paul Sartre. - Laiovento
- 39- Vacas, cerdos, guerras y brujas / Marvin Harris. - Alianza
- 40- Nuestra especie / Marvin Harris. - Alianza
- 41- El antropólogo inocente / Nigel Barley. - Anagrama
- 42- Os mouros no imaxinario popular galego / Mar Llinares. - Universidade de Santiago
- 43- Cousas de mulleres / Lourdes Mendez. - Anthropos
- 44- Os labirintos do corpo / Lourdes Mendez. - A Nosa Terra
- 45- Evidencias / M<sup>a</sup> Xosé Queizán. - Xerais
- 46- Gerónimo: unha autobiografía / Recollida por S. M. Barrett. - Positivas
- 47- Corazón da escuridade / Joseph Conrad. - Positivas
- 48- Los mitos / Platón .- Siruela
- 49- O cabaleiro inexistente / Italo Calvino. - Xerais
- 50- O vizconde demediado / Italo Calvino. - Xerais
- 51- O barón rampante / Italo Calvino. - Xerais
- 52- Psicopatología de la vida cotidiana / Sigmund Freud. - Alianza
- 53- Vita brevis / Jostein Gaarder. - Siruela
- 54- Las mentiras de la ciencia / L. di Trocchio. - Alianza
- 55- Sobre la naturaleza humana / E. Wilson. – FCE
- 56- La comunicación no verbal / F. Davis. - Alianza
- 57- Invitación a la filosofía / A. Comte-Sponville – Paidós
- 58- Pequeña filosofía para no filósofos / A. Jacquard – De Bolsillo
- 59- ¡Filosofía! / S. Hetherigton – Alianza
- 60- Los problemas de la filosofía / B. Russell – Labor
- 61- 101 problemas de filosofía / M. Cohen – Alianza
- 62- Los Simpson y la filosofía / W. Irwin – Blackiie Books
- 63- Los superheroes y la filosofía / Tom Morris – Blackiie Books
- 64- Platón y un ornitorrinco entran en un bar / T. Cathcort e D. Klein – Planeta
- 65- El cerdo que quería ser jamón / J. Baggini – Paidós
- 66- Sobre la libertad / E. Subirats - Anaya

# PROGRAMACIÓN FILOSOFÍA 4º ESO

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Filosofía de cuarto curso de ESO ten como unha das súas finalidades contribuír a dotar o alumnado dunha capacidade básica de comprensión. Esta capacidade, arrancando da propia experiencia humana, das vivencias, das inquedanzas e dos interrogantes que ela mesma suscita, debe catapultar o alumnado ao limiar dunha capacidade de crítica, de argumentación e síntese que, ademais da súa exemplificación filosófica, poida servirle para desenvolverse como persoa e como cidadán ou cidadá, entendendo a radicalidade do saber filosófico como ferramenta de transformación e cambio.

A comprensión de si mesmo/a e do mundo en que se vive, sen esquecer a súa vertente histórica, responde á dimensión teórica da filosofía como "preguntar radical" mediante a procura e tratamento dos grandes interrogantes filosóficos. Xunto a iso, a materia debe proxectar unha dimensión práctica, incidindo basicamente no fomento dunha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e dunha capacidade de pensar que, a través da mediación dialóxica, sexa capaz de argumentar de forma coherente e lóxica. O alumnado, deste xeito, deberá integrar coherentemente as súas ideas e as súas crenzas, someténdooas á crítica e á visión doutras persoas para ser quen de alcanzar un pensamento autónomo que integre os seus coñecementos e os seus valores, comprendendo a particularidade da filosofía como saber radical e global.

- 12) Aos alumnos/as que se comprobe que están copiando na proba escrita ou copiaron algún traballo ou presentación serán invalidados os devanditos instrumentos de avaliación e deberán volver a realízalos.

13) Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba escrita valorada sobre 10. Avaliaranse os estándares de aprendizaxes mínimos establecidos na programación.

### RESUME CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

INSTRUMENTOS POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA
EXAME	50%
TRABALLO INVESTIGACIÓN	40%
PARTICIPACIÓN E TRABALLO DE AULA	10%

## 9. AVALIACIÓN PROGRAMACIÓN

A lexislación establece que a avaliación en tanto que continua debe ser entendida coma un proceso para a mellora dos procesos de ensino, polo que se deberá avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como o propios procesos de ensino e a práctica docente.

Para tales efectos propoñemos os seguintes indicadores de logro relacionados con elementos fundamentais da práctica docente. Valoraranse ao inicio do curso e ao final de cada trimestre para detectar posibles desaxustes entre a práctica docente e a secuenciación de contidos, resultados académicos, instrumentos e procedementos de avaliación etc....

PRÁCTICA DOCENTE	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
------------------	-------------	------------	---------------------

PLANIFICACIÓN	1.Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe		
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta		
	3.Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes		
	4.Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5.Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recurso axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6.Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7.Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia		
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1.Proporciona un plan de traballo ao principio da unidade		
	2.Considera situacións que introduza a unidade (lecturas, debates, diálogos...)		
	3.Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coas súa funcionalidade		
	4.Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
	5.Relaciona os contidos e as actividades cos		



DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA	intereses do alumnado.		
	6.Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		
	7.Promove a reflexión dos temas tratados		
	1.Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2.Cando introduce conceptos novos, relaciónaos se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3.Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoría dentro e fóra das clases.		
	4.Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica		
	5.Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6.Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7.Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos/as		
	8.Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9.Presenta actividades de grupo e individuais.			
	1.Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2.Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3.Revisa, con frecuencia, os traballos propostas na aula ou fóra dela.		
	4.Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA- APRENDIZAXE	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos/as e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados con suficiencia.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc...		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

## 10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A materia de Psicoloxía no currículo da LOMCE forma parte das materias específicas de opción de 2º BACH e polo tanto non o alumnado que non supere a materia deberá cursala no seguinte curso.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender á diversidade do alumnado utilizaranse as seguintes estratexias:

- Avaliación inicial do alumnado: na que se terá en conta os seguintes aspectos (interese do alumnado pola materia, expectativas achega da psicoloxía, temas e actividades que propoñen, etc, para realizar axústelos oportunos na programación.
- Propoñer actividades abertas para que cada un realíceas segundo as súas posibilidades.
- Proporcionar tempo extra e maior atención individual ao alumnado que manifesta dificultades na materia.

- Seguimento individualizado do alumnado, especificando logros e aspectos a mellorar..

## **12.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades complementarias e extraescolares teñen como finalidade reforzar e axudar á consecución dos obxectivos e competencias propostos en relación aos diferentes bloques de contidos.

Ao longo do curso:

- Asistencia a conferencias, charlas, coloquios...de interese que poidan xurdir na localidade.
- Relatorios na aula de profesionais ou outros... relacionadas coa materia de estudo..

## **13.ESTRATEGIAS PARA A LECTURA E CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**

Como estratexia de animación á lectura e contribución ao desenvolvemento da expresión e comprensión oral e escrita, os alumnos de Psicología lerán de forma voluntaria ao longo do curso algúns dos seguintes libros:

- **Primeiro trimestre (Condicionamento e Psicanálise)**

Aldous Huxley: Un mundo feliz . Barcelona: Nuevas ediciones de bolsillo, 2005.

Skinner: Walden Dos. Barcelona: Orbis, 1985.

Hermann Hesse: Demian. Madrid: Alianza, 2004.

Samuel Shem: La casa de Dios, Barcelona: Anagrama, 2003.

Samuel Shem: Monte Miseria, Barcelona: Anagrama, 2004.

Ernesto Sábato: El túnel . Madrid: Cátedra, 1984.

Jeb Rubinfeld: La interpretación del asesinato . Barcelona: Anagrama, 2007.

Franz Kafka: Carta al padre . Madrid: Alianza, 2004.

Franz Kafka: La metamorfosis . Madrid: Alianza, 2004.

Henrik Ibsen: Casa de muñecas. Hedda Gabler. Madrid: Alianza, 2005.

Sigmund Freud: Estudios sobre la histeria. Madrid: Alianza, 2002. (Incluye el caso Dora)

Sigmund Freud: El malestar en la cultura. Madrid: Alianza, 2008.

Sigmund Freud: Paranoia y neurosis obsesiva. Madrid: Alianza, 2008 (Incluye el caso Schreber y el Hombre de las Ratas)  
Sigmund Freud: Psicopatología de la vida cotidiana. Madrid: Alianza, 2008.  
Sigmund Freud: Totem y tabú. Madrid: Alianza, 2008.  
Sigmund Freud: Introducción al psicoanálisis. Madrid: Alianza, 1996.  
Robert Musil: Las tribulaciones del joven Törless . Madrid: Sexto Piso, 2007.  
Karen Horney: La personalidad neurótica de nuestro tiempo. Barcelona: Paidós, 1993.  
Erich Fromm: El miedo a la libertad. Barcelona: Paidós, 2004.

- **Segundo e terceiro trimestre. (Trastornos da personalidade)**

Daniel Paul Schreber: Memorias de un enfermo de nervios. Madrid: Sexto Piso, 2008.  
Oliver Sacks: El hombre que confundió a su mujer con un sombrero. Barcelona: Anagrama, 2005.  
Truman Capote: A sangre fría. Barcelona: Anagrama Compactos, 2007.  
Oliver Sacks: Un antropólogo en Marte. Barcelona: Anagrama, 2009.  
Oliver Sacks: Despertares. Barcelona: Anagrama, 2005  
Sylvia Plath: La campana de cristal. Barcelona: Edhasa, 1996.  
J. D. Salinger: El guardián entre el centeno . Madrid: Alianza Editorial, 1986.  
Peter Handke: El miedo del portero al penalty. Madrid: Alfaguara, 2006.  
Peter Handke: El momento de la sensación verdadera. Madrid: Alfaguara, 2007.  
Peter Handke: La mujer zurda. Madrid: Alianza, 2000.  
Viktor Frankl: El hombre en busca de sentido. Barcelona: Herder, 2004.  
Thomas Bernhard: Trastorno. Madrid: Alfaguara, 1995.  
Thomas Bernhard: El malogrado, Madrid: Alfaguara, 2003.  
Thomas Bernhard: El sobrino de Wittgenstein. Madrid: Anagrama, 2003.

## **PROGRAMACIÓN DE HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACHARELATO**

- 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**
- 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**
- 3. OBXECTIVOS**
- 4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (TEMPORALIZACIÓN-MÍNIMOS-INSTRUMENTOS)**
- 5. METODOLOXÍA**
- 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (AVALIACIÓN-AVALIACIÓN INICIAL -PROMOCIÓN)**
- 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE**
- 9. ACTIVIDADES DE SGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**
- 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- 12. ESTRATEXIAS PARA A LECTURA E CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Historia da Filosofía, ademais de ser unha materia que dá sentido e continuidade desde unha perspectiva histórica ás ideas que se presentaron nas materias de Filosofía de cuarto de ESO e Filosofía de primeiro de bacharelato, contribúe ao desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas de bacharelato, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado, e rexeitalas e/ou modificalas, ou asumilas como parte de si. Historia da Filosofía non se presenta como un percorrido cronolóxico polas ideas do pensamento occidental sen máis; tampouco debería ser un simple compendio de autores e autoras, senón un intento de achegamento ao esforzo do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano en todas as súas dimensións. Trátase dunha investigación que nos fará máis libres, permitíranos comprender o pasado e o presente, e proxectar solucións sobre os problemas que se nos formulen no futuro. É no pensar de "outros/as" (e con "outros/as") como se foi configurando ao longo da historia das ideas, como lograremos estimular o noso propio pensamento, ese "sapere aude" kantiano, que nos leve a xerar as nosas propias ideas tendo en conta de onde proceden e respectando as persoas que non pensan coma nós. Ese pensar a través do diálogo de distintos/as autores/as e épocas que foron creando aproximacións ou tendencias cara á verdade respecto aos problemas e ás grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa existencia constitúe a Historia da Filosofía. E nese percorrido, o alumnado deberá reflexionar sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe coñecer o pensamento filosófico na muller.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato pola súa propia natureza e polo xeito que está articulada, e permite o desenvolvemento persoal e social como cidadán ou cidadá, así como o desenvolvemento profesional no futuro, xa que, como materia terminal do bacharelato, adquire tamén a dimensión de propedéutica para un amplo abano de estudos e profesións posteriores. Historia da Filosofía permítelles aos alumnos e ás alumnas de bacharelato contribuír á consecución das seguintes competencias:

- a) A competencia en comunicación lingüística, a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc.
- b) As competencias sociais e cívicas preséntanse asociadas a numerosos estándares de aprendizaxe da materia que poñen o alumnado en relación co proceso de formación e transformación da sociedade humana desde as súas orixes, e permiten coñecer os seus problemas e as respostas que se deron ao longo da historia.
- c) A competencia de aprender a aprender contribúe a que o alumnado sexa quen de aprender por si mesmo, ao consolidar esta faceta noutros ámbitos, así como de cara ao futuro. Xa que logo, pídese reflexionar, aprender en equipo, comprender e explicar, etc.
- d) A competencia dixital desenvólvese realizando traballos colectivos a través da TIC, utilizando ferramentas informáticas para realizar presentacións, procuras en internet, etc.

e) Foméntase tamén a consecución, entre outras, da competencia de conciencia e expresións culturais, xa que se recorre constantemente ao diálogo entre épocas e autores/as anteriores, facendo unha revisión das súas achegas ao ámbito das expresións culturais a nivel histórico. A consecución destas competencias clave por parte do alumnado non se levará a cabo sen un cambio a nivel metodolóxico no proceso de ensino e aprendizaxe que vai supor un reto para os/as profesionais da educación nesta etapa. Este cambio hase concretar na práctica de traballo na aula e na metodoloxía, que lle ha permitir o desempeño ao alumnado dun alto grao de dominio das competencias, apoiándose na aprendizaxe cooperativa e a resolución conxunta de casos ou problemas, que permitan xeneralizar estratexias e aplicalas en situacións similares e reais, aprendendo dos demais. Pódense utilizar procedementos de avaliación variados, como por exemplo rúbricas, escalas, probas orais e escritas, portafolios e traballos de clase, posibilitando a participación do alumnado no seu proceso de avaliación.

Outro aspecto salientable da materia de Historia da Filosofía é o tratamento dos elementos transversais que corresponden ao bacharelato, destacando nomeadamente a comprensión e a expresión orais e escritas en todos os bloques da materia, ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento transversal no propio currículo da materia, entre outros.

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia; os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

No proxecto de Historia da Filosofía para 2.º de Bacharelato potenciouse o desenvolvemento das **competencias de comunicación lingüística, conciencia e expresións culturais e as competencias sociais e cívicas**. Evidentemente, o resto das competencias tamén foron consideradas nestes materiais, particularmente o fomento da aprendizaxe autónoma (aprender a aprender). Para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, incluíronse actividades de aprendizaxe integradas que permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Ademais, cabe lembrar que serán os estándares de aprendizaxe avaliados, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias crave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

#### **Comunicación lingüística**

Na medida en que a Historia da Filosofía é unha disciplina fundamentalmente racional, discursiva e conceptual, os estudantes deberán practicar a comprensión textual, a definición de termos específicos da materia, a expresión escrita, a adecuación a certos contextos de comunicación e a comunicación oral en debates e argumentacións en clase.

#### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Na medida en que a filosofía foi historicamente a nai de diferentes disciplinas científicas, e que tamén abordou cuestións como a estrutura do coñecemento científico e as consecuencias da tecnoloxía para a vida humana, esta competencia é crucial neste proxecto. Diversos autores da historia da filosofía tamén tiveron un papel relevante no desenvolvemento da ciencia moderna, como o caso de Descartes, por exemplo.

#### **Competencia dixital**

A competencia dixital trabállase fundamentalmente mediante tarefas de procura na internet e a preparación de traballos de exposición en clase. Por outra banda, tamén se tentou fomentar o uso de novas tecnoloxías na exposición didáctica por parte do profesorado mediante o libro dixital.

#### **Aprender a aprender**

Foméntase a autonomía dos estudantes e o seu desenvolvemento como aprendices capaces de xerar novo coñecemento a partir dos contidos impartidos en clase. Así mesmo, en clase pódense traballar actividades orientadas a crear hábitos de esquematización, resumo e definición, que son básicos para posibilitar a autonomía no estudo.

#### **Competencias sociais e cívicas**

A función social da filosofía e a súa vinculación coa teoría da sociedade implican que a reflexión sobre os valores sociais e morais, os hábitos, etc., sexa parte insoslayable do labor filosófico. Por unha banda, a reflexión sobre a sociedade e a política é consustancial á historia da filosofía. Por outra, ademais, pretendeuse cultivar a capacidade de diálogo e de entendemento a través de actividades participativas, como o debate.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Valores como o liderado, a creatividade, a iniciativa persoal ou a autonomía non son alleos á educación filosófica. Capacidades como a argumentación, o razoamento ou a exposición pública están ligadas ao fomento da iniciativa individual. O diálogo coa historia da filosofía permite desenvolver o pensamento propio e crítico ao enfrontarse a diversas opcións teóricas.

#### **Conciencia e expresións culturais**



A importancia da cultura, a arte, a historia, etc., e a necesaria conciencia do seu valor, tamén desempeñan un rol crucial neste proxecto de Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato. Polo demais, a conexión entre a filosofía e o ámbito da cultura en xeral é evidente, e, por conseguinte, é necesario fomentar unha actitude de respecto, de tolerancia e de coñecemento do amplo patrimonio cultural que constitúe a nosa forma de vida.

### **3. OBXECTIVOS**

#### **A) OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO**

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles facultan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.

- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

## **B) OBXECTIVOS XERAIS PARA A MATERIA DE HISTORIA DA FILOSOFÍA**

-A Historia da Filosofía é unha materia que pon ao alumnado en contacto coa historia das ideas do pensamento occidental, á vez que facilita os recursos necesarios para a comprensión do seu desenvolvemento e as relacións que se dan entre elas. O coñecemento da Historia da Filosofía contribúe á educación de persoas autónomas, con capacidade de pensamento crítico e propio, posto que, como nos ensinou Kant, a filosofía fundaméntase na autonomía da propia razón e no xuízo crítico das ideas, tanto alleas como propias.

-A Historia da Filosofía contribúe ao desenvolvemento persoal e á formación da propia identidade, ao expor ao alumnado cuestións de significado profundo sobre a súa propia existencia e o marco social no que se desenvolve, permitíndolle unha maior capacidade de participación nos procesos sociais, culturais e económicos nos que está inmerso e nos cambios da sociedade actual; pero, ademais, contribúe activamente ao desenvolvemento da capacidade de aprendizaxe, que permitirá ao alumnado adquirir as competencias e as habilidades necesarias para o desenvolvemento de actividades complexas e da capacidade de aprender ao longo de toda a vida.

-Por todo iso, a Historia da Filosofía exponse como unha materia que persegue conseguir o logro da maior parte dos obxectivos e as competencias do Bacharelato: tanto os relacionados co desenvolvemento persoal e social (autonomía, capacidade crítica e de diálogo), o exercicio da cidadanía democrática e o desenvolvemento dunha conciencia cívica ou o fomento da igualdade de dereitos entre homes e mulleres, como os que permiten alcanzar os coñecementos, as capacidades do pensamento abstracto e as habilidades da investigación e o traballo intelectual, ademais dos referidos aos hábitos de estudo, aos recursos orais e de uso das tecnoloxías da información e a comunicación e ao afianzamento de actitudes de asertividade, iniciativa e traballo en equipo.

-Coa materia de Historia da Filosofía alcánzanse unha gran diversidade de habilidades cognitivas (a través do desenvolvemento do pensamento abstracto), permítese o logro das competencias transversais (como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar) e transmítense actitudes (como a confianza, o entusiasmo ou a constancia), ao valorar o esforzo da filosofía por resolver os grandes problemas do ser humano e a súa sociedade en todas as épocas.

-A materia preséntase en continuidade coa Filosofía de 4.º da ESO e de 1.º de Bacharelato, desenvolvendo desde a perspectiva histórica as problemáticas que se viron en cursos anteriores, e presentando no pensamento de cada filósofo e filósofa estudado as súas achegas con respecto aos núcleos temáticos que se trataron nestas materias.

## 4. CONTIDOS

### SECUENCIACIÓN POR UNIDADES:

#### **BLOQUE 1: IDADE ANTIGA E IDADE MEDIA**

**Unidade 1:** Introducción á filosofía antiga e medieval

O nacemento da filosofía en Grecia

Os grandes sistemas da filosofía grega e romana

Cristianismo e filosofía

**Unidade 2: Platón**

A metafísica dualista

O coñecemento e a realidade

O ser humano: ética e educación

A política

**Unidade 3: Aristóteles**

A lóxica

Os principios do coñecer

A metafísica

Física e psicoloxía

Ética e política

**Unidade 4: Agostiño de Hipona**

Crer para comprender

O descubrimento da verdade

O mal, o ser humano e a historia

**Unidade 5: Tomé de Aquino**

Fe e razón

Metafísica e teoría do coñecemento

Psicoloxía, ética e política

**Unidade 6: Guillherme de Ockham**

O horizonte dun pensamento novo

Coñecemento e linguaxe  
Psicoloxía, ética e política

## **BLOQUE 2: IDADE MODERNA**

### **Unidade 7: Introducción á filosofía moderna**

Renacemento e Modernidade

O racionalismo

O empirismo

A Ilustración

### **Unidade 8: Maquiavelo**

O Renacemento: contexto histórico

A nova ciencia política

República e virtude: a política de Maquiavelo

### **Unidade 9: Descartes**

O nacemento do racionalismo

A dúbida metódica e o cogito

O ser humano, a liberdade e a moral

### **Unidade 10: Locke e Hume**

O empirismo de Locke

Fenomenismo e escepticismo en Hume

A moral e a política en Locke e en Hume

### **Unidade 11: Rousseau**

Rousseau e a Ilustración francesa

A crítica de Rousseau á civilización

O proxecto social e político de Rousseau

### **Unidade 12: Kant**

O xiro copernicano kantiano

A teoría do coñecemento: que podo saber?

Filosofía práctica: a ética formal de Kant

A filosofía da relixión e da historia

### **BLOQUE 3: IDADE CONTEMPORÁNEA**

#### **Unidade 13:** Introducción á filosofía contemporánea

A filosofía no século XIX

A filosofía no século XX

Últimas tendencias

#### **Unidade 14: Marx**

A novidade filosófica do marxismo

A estrutura material da sociedade

A alienación e as súas clases

Historia e revolución

#### **Unidade 15: Nietzsche**

O nihilismo

A crítica á cultura occidental

A razón, o coñecemento e a verdade

O superhome e o eterno retorno

#### **Unidade 16: Ortega e a filosofía española**

Entre política e filosofía

Vida e cultura: o tema do noso tempo

«Eu son eu e a miña circunstancia»

O criticismo antirracionalista de Unamuno

María Zambrano: filosofía e poesía

#### **Unidade 17: Habermas**

A desconexión tradicional entre teoría e praxe

Os intereses do coñecemento

A sociedade ideal da comunicación

#### **Unidade 18: A posmodernidad**

O debate entre Modernidade e posmodernidad

Derrida: a deconstrucción da metafísica

Vattimo: un pensamento máis aló da metafísica

## 5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (TEMPORALIZACIÓN-MÍNIMOS-INSTRUMENTOS)

BLOQUE 1: CONTIDOS TRASVERSAIS						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	INTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO. MÍNIMOS ( O nivel 3 correspóndense cos mínimos esixibles)			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	Textos	Os mínimos esixibles que lles corresponden a estes criterios e estándares comúns de avaliación están establecidos máis abaixo na concreción que lles corresponde dentro do desenvolvemento dos diferentes bloques temáticos.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSIEE</li> </ul>	Textos				
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	Textos				
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	Caderno				
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	Caderno				

<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	Caderno
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícalos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>	Caderno
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	Obras filosóficas Páxinas Web
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	Caderno
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	Ferramentas TIC
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados.</li> </ul>		Ferramentas TIC
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>		Gupo de traballo

Os mínimos esixibles que lles corresponden a estes criterios e estándares comúns de avaliación están establecidos máis abaixo na concreción que lles corresponde dentro do desenvolvemento dos diferentes bloques temáticos

<b>BLOQUE 2: A FILOSOFÍA NA GRECIA ANTIGA</b>			
<b>TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE</b>			
<b>ESTÁNDARES</b>	<b>CC</b>	<b>INSTRUMENTOS</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO ( O nivel 3 correspóndense cos mínimos</b>

			esixibles)			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplicaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Comentario de texto</li> <li>-Elaboración teórica de estándares de aprendizaxe</li> <li>-Autoavaliación</li> </ul>	Define os conceptos básicos da filosofía platónica: idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, universal, absoluto, dualismo.	Enmarca estes conceptos básicos no dualismo ontolóxico de Platón.	Enmarca estes conceptos básicos en el dualismo ontolóxico de Platón	Advirte a diferenza substancial entre a concepción del coñecemento que resulta destes conceptos e as propostas anteriores dos sofistas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comentario de texto</li> <li>-Elaboración teórica de estándares de aprendizaxe</li> <li>-Autoavaliación</li> </ul>	Define conceptos como doxa, episteme, reminiscencia, simil da liña, dialéctica.	Aplica estes conceptos á teoría do coñecemento de Platón.	Relaciona a teoría do coñecemento co resto das teorías do autor.	Valora criticamente la relación platónica entre coñecemento e política de acordo co intelectualismo moral.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comentario de texto</li> <li>-Elaboración teórica de estándares de aprendizaxe</li> <li>-Autoavaliación</li> </ul>	<p>Comprende os principais problemas que abordaron os pensadores presocráticos.</p> <p>Sabe definir os termos <i>convencionalismo</i> y <i>relativismo</i></p> <p>Define la idea de dialéctica</p>	Describe o planteamento e a solución que cada un dos pensadores deron aos problemas que abordaron. Comprende as ideas fundamentais do pensamento dos sofistas	Relaciona e compara as solucións que cada un dos pensadores deron aos problemas que abordaron. Analiza textos dos Sofistas e enmárcaos na situación histórica. Compara o pensamento socrático co dos sofistas e o resto de pensadores presocráticos	Valora as propostas o solucións dos presocráticos aos diferentes problemas
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>		Define as características principais do sistema educativo de Platón	Aplica as características da educación platónica á figura do filósofo gobernante proposta por Platón	Relaciona as propostas políticas de Platón coa súa experiencia vital e o su contexto histórico	Valora criticamente os aspectos positivos e os aspectos discriminatorios que aparecen nas propostas sociais platónicas



defensa da inclusión das mulleres na educación.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		Define os principais conceptos a metafísica aristotélica, como os de materia-forma, potencia-acto e causa.	Aplica os conceptos da metafísica aristotélica para analizar casos concretos da realidade.	Integra as nocións metafísicas aristotélicas no conxunto do pensamento de Aristóteles.	Compara o pensamento aristotélico metafísico co de outros autores anteriores.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		Define as ideas principais da política aristotélica.	Analiza situacións concretas a partir dos planteamentos aristotélicos.	Relaciona as ideas políticas de Aristóteles co resto de ideas deste autor.	Compara a política aristotélica con outras concepcións filosóficas, como a platónica.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achegadas por Aristóteles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>		Define a noción de helenismo.	Coñece os principais feitos históricos que tiveron lugar nese momento histórico.	Comprende o contexto histórico e cultural e a súa relación coas correntes filosóficas da época.	Valora o contexto histórico e cultural que fixo posible a aparición destes movementos filosóficos. Compara esta situación histórica con épocas anteriores.

**BLOQUE 3: FILOSOFÍA MEDIEVAL**  
**TEMPORALIZACIÓN: 1º TRIMESTRE**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	INTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>		Define os tipos de coñecemento na filosofía agustiniana.	Relaciona os tipos de coñecemento agustinianos co símil platónico da liña.	Relaciona en toda a súa complexidade o pensamento agustiniano coa filosofía platónica.	Comprende el pensamento de santo Agostiño como una síntese filosófica entre cristianismo e platonismo que exercería unha influencia decisiva na cultura occidental.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplicaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		Coñece as definicións de esencia e existencia.	Comprende esta distinción entre esencia e existencia como un elemento fundamental da metafísica tomista. Comprende o papel do principio de individuación.	Comprende as ideas metafísicas de Tomé de Aquino en relación co resto de ideas do seu pensamento.	Relaciona as propostas tomistas coas ideas metafísicas doutros pensadores, como, por exemplo, Aristóteles.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>		Comprende a noción da navalla de Ockham.	Entende o problema da navalla de Ockham a partir da relación entre Deus e a creación.	Comprende as conclusións que se derivan da aplicación da navalla de Ockham, principalmente en relación coas ideas exemplares ou universais.	Valora criticamente a idea da navalla de Ockham e a súa posible aplicación a cuestións actuais.
---	--	--	--	---	---	---

**BLOQUE 4: A FILOSOFÍA NA MODERNIDADE E NA ILUSTRACIÓN  
TEMPORALIZACIÓN: 2º TRIMESTRE**

ESTÁNDARES	CC	INTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>		Coñece as principais contribucións científicas da época.	Coñece a relación destas ideas entre si formando unha nova cosmovisión.	Comprende estas contribucións científicas no contexto histórico e cultural da época.	Compara estas ideas científicas con concepcións doutras épocas, como a Idade Media.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.1.2. Explica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplicaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>		Define os conceptos de certeza, método, dúbida, hipótese, cogito, idea e substancia.	Aplica con rigor estes conceptos á filosofía cartesiana.	Comprende e explica, ademais, as razóns para a dúbida, as regras do método e a teoría das tres substancias cartesianas.	Integra todos os conceptos anteriores no conxunto da filosofía cartesiana.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>		Define os conceptos de dualismo e mecanicismo.	Desenvolve estes conceptos, aplicándoos con rigor á filosofía cartesiana.	Comprende no seu conxunto, mediante o comentario de textos, o método cartesiano a partir do cogito e do dualismo.	Detecta e desenvolve as influencias da filosofía antiga e medieval en Descartes e valora a filosofía cartesiana como a superación definitiva do conflito entre razón e fe.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>		Define o concepto de racionalismo e os seus	Entende o papel de Deus na teoría do	Comprende e explica os procesos	Valora criticamente o subxectivismo como

aportadas por Descartes.			elementos característicos.	coñecemento de Descartes.	dedutivos para chegar ao coñecemento das tres substancias.	un dos problemas fundamentais da filosofía cartesiana.
▪ HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana.	▪ CSC			<b>Non esixible</b>		
▪ HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.	▪ CCL		Define conceptos básicos do empirismo de Hume como os de impresións, ideas, asociación, causalidade, hábito, crenza, sentimento ou utilidade.	Integra os conceptos básicos do empirismo nunha explicación global e coherente da filosofía de Hume.	Compara a filosofía empirista radical de Hume coas propostas racionalistas de Descartes	Valora criticamente o empirismo de Hume e as súas consecuencias para a ciencia moderna, distinguindo entre o escepticismo práctico e o teórico.
▪ HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.	▪ CMCCT		Define aspectos fundamentais da filosofía de Hume, como o criterio de verdade, a crítica á causalidade ou o emotivismo moral.	Desenvolve estes conceptos por escrito integrándoos nunha explicación coherente da argumentación empirista de Hume.	Realiza breves disertacións comparando aspectos parciais da argumentación de Hume e a de Descartes ou a de Locke.	Elabora disertacións por escrito acerca de temas que esixen reflexión crítica, como a falacia naturalista ou o alcance do escepticismo de Hume.
▪ HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaaas coas solucións aportadas por Hume.	▪ CSC		Define os conceptos básicos da filosofía política de Locke, como estado natural, contrato social ou separación de poderes.	Articula os conceptos básicos do liberalismo de Locke nunha explicación global e coherente das súas propostas políticas.	Relaciona o liberalismo de Locke coa filosofía política de Hobbes.	Valora criticamente a importancia das propostas liberais de Locke como o fundamento das democracias modernas.
▪ HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.	▪ CSC			<b>Non esixible</b>		
▪ HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á	▪ CSC		Coñece o papel que se lle outorga á razón na Ilustración.	Recorre á reflexión kantiana sobre a Ilustración para comprender o papel da	Entende o papel da razón a partir dos acontecementos culturais, como a	Valora criticamente el papel que se lle outorga á razón na Ilustración.

civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.				razón.	aparición da Enciclopedia.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízalos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>		Define os conceptos fundamentais da teoría do coñecemento de Kant.	Propón exemplos nos que emprega estas nocións ou recorre a elas para entender un caso concreto da realidade.	Relaciona estes conceptos entre si, formando un sistema.	Compara a teoría kantiana do coñecemento coas ideas doutros autores, como Platón.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		Define as nocións de vontade e imperativo categórico.	Distingue casos de accións realizadas por deber, conforme ao deber ou por interese.	Recoñece a relación entre o deber e o imperativo categórico.	Compara a concepción de Kant con outras propostas éticas, como as de Aristóteles.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>		Define os conceptos fundamentais da teoría política de Kant.	Aplica estas nocións para entender exemplos da esfera política.	Relaciona estes conceptos entre si, formando un sistema.	Compara as ideas políticas de Kant coas propostas doutros autores, como, por exemplo, os contractualistas.

## BLOQUE 5: A FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA

### TEMPORALIZACIÓN: 3º TRIMESTRE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCBB	INSTRUMENTOS	INDICADORES DE LOGRO			
			NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 4	NIVEL 5
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestructura, superestructura,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>		Define os principais conceptos da filosofía de Marx como os de	Aplica os principais conceptos da filosofía de Marx a casos concretos.	Integra os principais conceptos da	Valora criticamente o papel da filosofía de Marx no seu contexto

forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor.			dialéctica, materialismo histórico, praxe, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción e plusvalía.		filosofía de Marx no pensamento global do autor con coherencia.	histórico e a súa influencia no mundo contemporáneo.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		Explica sucintamente as teorías fundamentais da filosofía de Marx como a alienación, a loita de clases ou a revolución do proletariado.	Desenvolve por escrito as teorías fundamentais da filosofía de Marx, aplicándoas a casos concretos.	Desenvolve por escrito, a partir do comentario de textos, unha visión global das teorías fundamentais da filosofía de Marx como unha crítica á sociedade capitalista, relacionándoas entre si de forma coherente.	Detecta e desenvolve por escrito as influencias da filosofía de Marx, a súa crítica ás filosofías anteriores e a súa visión humanista do individuo.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>		Define o concepto de loita de clases como motor da historia en Marx.	Comprende as condicións históricas que levan a Marx a defender a revolución do proletariado.	Compara o esforzo de Marx por cambiar as condicións sociais con outras posturas filosóficas do seu momento histórico.	Valora criticamente o esforzo de Marx por contribuír aos cambios sociais, así como o desenvolvemento posterior das políticas baseadas na súa filosofía.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		Define conceptos fundamentais da filosofía de Nietzsche como os de traxedia, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, vontade de poder ou eterno retorno.	Aplica estes conceptos fundamentais da filosofía de Nietzsche a teorías parciais da súa filosofía, como a crítica á cultura occidental.	Integra os principais conceptos da filosofía de Nietzsche no pensamento global do autor con coherencia.	Valora criticamente o papel da filosofía de Nietzsche no seu contexto histórico e a súa influencia no mundo contemporáneo.

<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		Comprende e explica, a partir de textos, os conceptos fundamentais da filosofía de Nietzsche.	Desenvolve por escrito aspectos parciais da filosofía de Nietzsche.	Desenvolve por escrito, a partir do comentario de textos, unha visión global das teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche como unha crítica á cultura occidental, relacionándoas entre si de forma coherente.	Detecta e desenvolve por escrito, a partir do comentario de textos de Nietzsche, as relacións da súa filosofía coa de autores anteriores da historia do pensamento.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		Comprende e explica, a partir de textos do autor, os conceptos fundamentais da súa filosofía.	Desenvolve por escrito aspectos parciais da filosofía de Ortega.	Desenvolve por escrito, a partir do comentario de textos, unha visión global das teorías fundamentais da filosofía de Ortega, relacionándoas entre si con coherencia.	Detecta y desenvolve por escrito, a partir do comentario de textos de Ortega, as relacións da súa filosofía con outros filósofos europeos da época.
<ul style="list-style-type: none"> <li>HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>		Comprende o concepto de europeización de Ortega aplicado ao contexto español da época.	Comprende a análise dos problemas de Occidente que enuncia Ortega e a súa proposta rexeneradora dunha nova moral.	Integra a visión do problema de España e do problema de occidente segundo Ortega no contexto histórico de España e Europa.	Valora o esforzo de Ortega por analizar o contexto español e europeo e a súa proposta dunha renovación integral para España e un proxecto común europeo.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valora o seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>		Comprende as ideas principais defendidas por Habermas.	Analiza textos e comprende o vocabulario empregado por Habermas no seu contexto.	Compara as ideas de Habermas coas doutros pensadores da Escola de Fráncfort.	Valora criticamente o pensamento de Habermas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>		Define a noción de teoría crítica.	Comprende a idea de teoría crítica como unha reflexión dirixida a transformar a sociedade.	Compara esta reflexión con outros planteamentos, como, por exemplo, os de Marx.	Valora criticamente as ideas desta corrente.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>			<b>Non esixible</b>		



do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>		Define a idea de pensamento débil.	Comprende este concepto dentro das ideas de Vattimo.	Compara o pensamento de Vattimo co de outros filósofos posmodernos.	Valora a aportación de Vattimo á filosofía do século XX.

## 6. METODOLOXÍA

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender en por si, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de comentario e de análise de texto, definición conceptual e, ademais, tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias tanto coa vida cotiá como con outras materias.

En Bacharelato, a especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

### CRITERIOS METODOLÓXICOS

En relación co exposto anteriormente, a proposta didáctica de Historia da Filosofía elaborouse de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender en por si.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, expondo as interrelacións entre os contidos de Historia da Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, estes criterios deben ter en conta os criterios de avaliación transversais a todo o temario de Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato, que son os seguintes:

1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis relevantes da Historia da Filosofía e ser capaz de transferir os coñecementos a outros autores ou problemas.

2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de maneira razoada con outras posicións diferentes.

3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.

4. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación na realización e exposición dos traballos de investigación filosófica.

## **7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

A forma de conseguir estes obxectivos queda, en cada caso, a xuízo do profesorado, en consonancia co propio carácter, a concepción do ensino e as características do seu alumnado. Con todo, resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen, da maneira en que cada un considere máis apropiada, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación, e as estratexias de indagación.

### **As estratexias expositivas**

Presentan ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as formulacións introdutorias e panorámicas e para ensinar feitos e conceptos, especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas.

Con todo, resulta moi conveniente que esta estratexia acompañese da realización polo alumnado de actividades, que posibiliten o engarce dos novos coñecementos cos que xa posúe.

### **As estratexias de comentario e de análise textual**

Presentan ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe elaborar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a textos, argumentacións e debates problemáticos nos que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente. O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan, á súa vez, a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer ao alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

As técnicas didácticas en que poden traducirse estas estratexias son moi diversas. Entre elas destacamos polo seu interese as tres seguintes:

- As tarefas sen unha solución clara e pechada, nas que as distintas opcións son igualmente posibles e válidas, para facer reflexionar ao alumnado sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, sobre o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.
- O estudo de casos ou feitos e situacións concretos como instrumento para motivar e facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.
- As actividades de interpretación e de conexión das teorías que aparecen nos textos co marco xeral da filosofía do autor estudado.

### **AS ACTIVIDADES DIDÁCTICAS**

Actividades de ensino-aprendizaxe. A esta tipoloxía responde unha parte importante das actividades expostas no libro de texto. Atópanse nos apartados seguintes:

- En cada un dos grandes subapartados en que se estruturan as unidades didácticas propóñense actividades ao fío dos contidos estudados. Son, xeralmente, de localización, afianzamento, análise e interpretación de textos e ampliación de conceptos.
- Ao final de cada unidade didáctica propóñense actividades de comentario de textos clásicos.

Actividades de aplicación dos contidos teóricos á realidade e á contorna do alumnado. Este tipo de actividades, nuns casos, refírense a un apartado concreto do tema e, por tanto, inclúense entre as actividades expostas ao fío da exposición teórica; noutros casos, preséntanse como traballos de investigación ou reflexión persoal argumentada sobre algúns temas.

Actividades encamiñadas a fomentar a concienciación, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade... Este tipo de actividades aparecen ao final dalgunhas unidades do libro de texto no seu formato dixital.

Por outra banda, as actividades programadas presentan diversos niveis de dificultade. Desta forma permiten dar resposta á diversidade do alumnado, posto que poden seleccionarse aquelas máis acordes co seu estilo de aprendizaxe e cos seus intereses.

A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado en clase, aclara dúbidas e permite ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.?

#### **Suxerimos a utilización dos materiais seguintes:**

1. Libro do alumnado. Material didáctico central para Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato.
2. Libro dixital. Para Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato dispónse duns textos complementarios dos filósofos ou as filósofas estudados en cada unidade, recompilados no apartado «Unha obra, unha cuestión», e de propostas de temas especialmente relevantes para debater sobre eles nas apartado «Suxestións para un debate».

3. Web do alumnado. Para Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato, consiste nalgúns materiais complementarios xerais, como un conxunto de breves biografías dalgúns dos filósofos estudados e un dicionario básico. Ademais, contén tamén unha selección de textos complementarios para cada unidade.

4. Web do profesorado. Para Historia da Filosofía de 2.º de Bacharelato, inclúe todos os recursos da web do alumnado e outros recursos expresamente destinados aos docentes, como o solucionario de todas as actividades propostas no libro do alumnado e a programación didáctica de cada unidade.

## **8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (AVALIACIÓN-AVALIACIÓN INICIAL -PROMOCIÓN)**

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño, os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran na concreción curricular do devandito decreto e establecidos nesta programación no apartado 3 para a materia de Historia da filosofía de 2º BACH.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

### **INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN**

Os instrumentos ou sistemas de avaliación que se van empregar para avaliar ao alumnado son:

- Actividades de composición, como redaccións, disertacións, debates, comentario de texto, etc.
- Actividades de libro aberto.
- Actividades orais.
- Traballos complementarios.
- Probas obxectivas escritas (exame): cuestións nas que hai que xustificar as respostas e resolución de exercicios e problemas.

Nestes instrumentos de avaliación estarán presentes os seguintes tipos de actividades:

- **Actividades conceptuais.** Nelas os alumnos e alumnas irán substituíndo de forma progresiva as súas ideas previas polas desenvolvidas na clase. Deben ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.
- **Actividades de comentario de texto.** Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese e ideas secundarias. Para iso, ten que poder expoñer os argumentos ou estruturas de razoamento do texto.
- **Actividades de síntese.** Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razoar a partir deles.
- **Actividades de razoamento e argumentación.** Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Realizaranse catro avaliacións ao longo do curso, ademais do seguimento individualizado de cada sesión. En primeiro lugar a avaliación inicial, máis tres avaliacións correspondentes aos tres trimestres nos que se divide o curso.
2. Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco
3. Cando a nota sexa decimal redondearase ao número enteiro máis próximo (cara arriba ou cara abaixo); cando o decimal sexa 5, redondearase á alza.
4. **A avaliación inicial** consistirá nun texto de carácter filosófico ou non (pode ser un artigo, unha noticia, unha imaxe, etc...) sobre o que o alumno terá que realizar unha actividade de comprensión e opinión persoal. A proba terá a cualificación de **satisfactoria** ou **necesita mellorar** e terá un valor orientativo para enfocar a aprendizaxe dos contidos secuenciados nos sucesivos trimestres e as medidas de reforzo e procedementos de aprendizaxe máis axeitados.  
A proba da avaliación inicial non pretende avaliar contidos específicos de filosofía, aínda que si sería desexable que o alumnado saiba establecer relacións adecuadas con conceptos de Cidadanía e Ética, pois estas materias tiveron certo peso no currículo da ESO. Máis ben, o que se pretende é detectar as nocións previas e capacidades do alumnado para potenciar esas capacidades e dirixir adecuadamente as ideas previas.
5. Farase unha proba escrita parcial por trimestre que terá un peso do 100% sobre a nota final da avaliación. Nela incorporaranse diversos instrumentos de avaliación como comentario de texto, actividades de comprensión e argumentación, actividades conceptuais, disertacións,

cuestionarios, etc. Para o seu deseño incorporamos o modelo de exame provisional proposto polo grupo de traballo de filosofía para a proba de ABAU:

### **Criterios de avaliación do exame**

**A cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:**

**1ª parte.- a cualificación máxima será de 6 ptos.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión proposta.**

No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía). A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

**2ª parte.- a cualificación máxima será de 3 ptos.**

A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**3ª parte.- a cualificación máxima será de 1 pto.**

**Cada unha das catro breves respostas (nome do filósofo; título da obra) terá unha cualificación máxima de 0,25 ptos.**

6. Cando o alumno/a non obteña unha avaliación positiva nunha avaliación adoptaranse medidas de reforzo e recuperación: elaboración de mapas conceptuais, test de autoavaliación, cuestionarios, proba oral, etc...

7. Realizarase unha recuperación final en xuño para o alumnado que non lograse superar as sucesivas avaliacións que consistirá nunha proba escrita con actividades relacionadas cos tres bloques de contidos.

8. A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións.

9. A nota da avaliación final non poderá ser inferior á nota da terceira avaliación. A tales efectos farase coincidir as nota da 3ª avaliación coa nota da avaliación final.

10. Aos alumnos/as que se comprobe que están copiando na proba escrita ou copiaron algún traballo ou presentación serán invalidados os devanditos instrumentos de avaliación e deberán volver a realízalos.

11. Na convocatoria extraordinaria de setembro realizarase unha proba escrita valorada sobre 10. Avaliaranse os estándares de aprendizaxes mínimos establecidos na programación.

### RESUME CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

INSTRUMENTOS POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA
EXAME	100%

## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

A lexislación establece que a avaliación en tanto que continua debe ser entendida coma un proceso para a mellora dos procesos de ensino, polo que se deberá avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como o propios procesos de ensino e a práctica docente. Para tales efectos propoñemos os seguintes indicadores de logro relacionados con elementos fundamentais da práctica docente. Valoraranse ao inicio do curso e ao final de cada trimestre para detectar posibles desaxustes entre a práctica docente e a secuenciación de contidos, resultados académicos, instrumentos e procedementos de avaliación etc....

PRÁCTICA DOCENTE	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
	1.Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe		

PLANIFICACIÓN	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta		
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes		
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recurso axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia		
	MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ao principio da unidade	
2. Considera situacións que introduza a unidade (lecturas, debates, diálogos...)			
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coas súa funcionalidade			
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.			
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.			
6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.			



DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA	7.Promove a reflexión dos temas tratados		
	1.Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2.Cando introduce conceptos novos, relaciónaos se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3.Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoría dentro e fóra das clases.		
	4.Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica		
	5.Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6.Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7.Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos/as		
	8.Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9.Presenta actividades de grupo e individuais.			
	1.Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2.Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3.Revisa, con frecuencia, os traballos propostas na aula ou fóra dela.		
	4.Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5.Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos/as e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA- APRENDIZAXE	6.Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
	7.Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8.Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados con suficiencia.		
	9.Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10.Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc...		
	11.Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

## 10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O decreto 86/2015 do 25 de xuño establece que coa finalidade de lles facilitar aos alumnos e ás alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, a consellería con competencias en materia de educación regulará as condicións para que os centros docentes organicen as oportunas probas extraordinarias e os programas individualizados nas condicións que se determinen. Ademais que, os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

Na materia de Historia da Filosofía o alumnado que na avaliación extraordinaria de setembro non acade unha avaliación satisfactoria deberá volver a cursar a materia no vindeiro curso e someterse aos mesmos criterios establecidos co resto do alumnado

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos principios básicos que ha de ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno e cada alumna a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade.

No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que os propios alumnos e alumnas resolvan esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Con todo, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que os alumnos e as alumnas manifestan.

É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos alumnos e as alumnas e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidad); uns traballan durante períodos longos, mentres que outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou en gran grupo.

Dar resposta a esta diversidade non é tarefa fácil, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os alumnos e as alumnas alcancen os obxectivos propostos.

Como actividades de detección de coñecementos previos suxerimos:

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou das dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto teórico aténdose ao seu contexto e á súa importancia para temas actuais e cotiáns, sempre que iso sexa posible.

Como actividades de consolidación suxerimos:

- Realización de exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos teóricos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Traballo cos textos complementarios de cada unidade para asentar e consolidar os coñecementos adquiridos.

Esta variedade de exercicios cumpre, así mesmo, a finalidade que perseguimos. Coas actividades de recuperación-ampliación, atendemos non só aos alumnos e ás alumnas que presentan problemas no proceso de aprendizaxe, senón tamén a aqueles que alcanzaron no tempo previsto os obxectivos propostos.

As distintas formas de agrupamento do alumnado e a súa distribución na aula inflúen, sen dúbida, en todo o proceso. Entendendo o proceso educativo como un desenvolvemento comunicativo, é de gran importancia ter en conta o traballo en grupo, recurso que se aplicará en función das actividades que se vaian a realizar ?concretamente, por exemplo, nos procesos de análises e comentario de textos?, pois consideramos que a posta en común de conceptos e ideas individuais xera unha dinámica creativa e de interese nos alumnos e as alumnas.

Concederese, con todo, gran importancia noutras actividades ao traballo persoal e individual; en concreto, aplicarase nas actividades de sínteses/resumen e nas de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

Habemos de acometer, pois, o tratamento da diversidade no Bacharelato desde dúas vías:

1. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.
2. A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e as alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación, como dixemos, ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

A priori non se prevé realizar ningunha actividade complementaria e extraescolar, aínda que se xurde a ocasión de facer algunha ao longo do curso na propia localidade, como teatro, cine, exposicións etc..trataríase de aproveitala e facer o posible por levala a cabo.

## **13. ESTRATEXIAS PARA A LECTURA E CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**

Mentres non teñamos as indicacións da CIUG para a realización das probas de ABAU indicaranse como obras de lectura os escritos máis representativos dos autores que aparecen no currículo da materia

Diálogos, Platón I, Ed. Espasa Calpe

Aristóteles, Ética a Nicómaco, Política.

Santo Agostiño, Del libre arbitrio

San Tomé, Suma Teológica.

René Descartes, Discurso do método, Meditacións metafísicas.

Hume, Investigación sobre o entendemento humano, Sec. 7, parte 2.

Rousseau, Contrato social.

Kant, Crítica da razón pura, Crítica da razón práctica

Marx, La ideoloxía alemá

Nietzsche, La gaya ciencia

Ortega y Gasset, El tema de nuestro tiempo

Wittgenstein, Tractatus logico-philosophicus,